



VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO UNIVERSITARIO

Curso 2013-2014

VALEDOR DA COMUNIDADE UNIVERSITARIA

INFORME AO CLAUSTRO DA UNIVERSIDADE

CURSO 2013-2014

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Estatuto do valedor da Comunidade Universitaria preséntase ante o Claustro este informe da xestión realizada entre o 1 de setembro de 2013 e o 31 de xullo de 2014.

Artigo 12: *Do informe anual*

O valedor dará conta anualmente das súas actividades ao Claustro Universitario mediante un informe que incluíra as propostas de mellora que estime oportunas.

ÍNDICE

1.-	Funcionamento do Valedor.....	6
2.-	Actuacións.....	8
	2.1.- Intervencións e Mediacións.....	8
	2.2.- Queixas.....	13
3.-	Conclusións.....	80
4.-	Referencias estatísticas.....	83

I.- FUNCIONAMENTO DO VALEDOR

Tal como ven sendo o funcionamento característico da institución, iste enfócase dende unha dobre perspectiva:

- supervisar a actuación da Universidade co fin de corrixir as posibles irregularidades, demoras ou silencios e todos os indicios de arbitrariedade nas actuacións dos órganos administrativos e docentes.
- cooperar cos órganos de goberno da Universidade na procura de solucións aos problemas expostos mediante a aportación de suxestións e recomendacións debidamente razoadas. As solucións que se propoñan axudarán a que a Autoridade Universitaria non se manteña encorsetada na normativa actual, senón que dentro do respecto aos Estatutos a revise e se interese tanto na renovación dos regulamentos como na súa prudente interpretación.

Como formas de traballo séguense mantendo as habituais indicadas nos anteriores informes:

- *consulta diaria*, un traballo de información e orientación.
- *intervencións*, actuacións que se resolven sen necesitar ditame nin recomendación por escrito, mediante xestións persoais ou telefónicas diante dos órganos ou servizos obxecto da queixa.
- *expedientes*, naqueles casos que a súa complexidade obriga a solicitar informes e pedir ditames e que poden rematar cunha recomendación á correspondente autoridade académica.
- *mediacións*, ou actuacións solicitadas por un membro da comunidade universitaria, un colectivo ou a mesma autoridade universitaria.

No labor diario, conséntase que a consulta persoal, por correo electrónico ou telefónica, que non necesariamente dá lugar á presentación dunha queixa, é a forma máis frecuente en que os membros da comunidade universitaria, principalmente os e as estudantes, se dirixen ao Valedor. A maioría destas consultas teñen como obxecto recadar información sobre dereitos e sobre o procedemento a seguir para reclamar o respecto dos mesmos.



Curso 2013-2014

2.- ACTUACIONES

Nalgúns casos os membros da comunidade universitaria dirixen escritos ao Valedor da Comunidade Universitaria solicitando a mediación ou o seguimento, ben de solicitudes que teñen presentadas aos órganos de goberno, ou ben de resolucións dos mencionados órganos polas que se ven afectados. Aínda que non se trata de queixas e polo tanto non se inclúen como tales, si é importante indicar esquematicamente os temas cos que se relacionan.

2.1.- INTERVENCIONES E MEDIACIONES

M-2014/01

Escrito presentado por tres docentes dun departamento no que expoñen uns feitos acontecidos no acto de exposición pública duns traballos, polos que se sentiron agredidos e calumniados.

Solicítase a mediación do Sr. decano do Centro, que non frutifica, polo que se convocan nesta Institución aos catro docentes implicados a un acto de conciliación, minorándose as discrepancias xurdidas entre eles.

M-2014/02

Escrito presentado por dous profesores desta Universidade solicitando a mediación do Valedor en relación co proceso de distribución de espazos nun área dunha Facultade.

Mantivéronse distintas conversas coa Sra. decana da Facultade co fin de concertar unha entrevista entre as partes, sen poder obter resultados satisfactorios.

Por iso déuselle traslado do escrito co fin de poder establecer esas vías de diálogo solicitadas polos profesores, que dende esta oficina entendemos como a mellor opción, sendo sempre útiles aínda que requiran dun esforzo engadido; ou cando menos, para que os presentadores do escrito poidan coñecer os motivos da detración dos espazos indicados.

Con posterioridade o Decanato comunica que:

.../ está, dende logo, sempre aberto a todos os membros da Facultade sen exclusión de ninguén e que, por suposto, ditos profesores poden vir a xunto a min para poder expoñer a súas inquedanzas ou consideracións que estimen oportunas en relación ao tema da queixa presentada ou calquera outro tema que consideren que deban tratar.

Estou segura que o diálogo pode establecerse perfectamente entre a decana e os profesores xa que, pola miña parte, nunca houbo discusións nin exclusión de ninguén.

Agradezo moi sinceramente as súas observacións e teña por seguro que, en canto soliciten concertar unha entrevista para retomar o diálogo, serán atendidos.”

M-2014/03

Escrito presentado por unha estudante en relación co calendario académico e concretamente coas datas fixadas para os exames do primeiro cuatrimestre, por consideralas lesivas para un aproveitamento óptimo do período vacacional.

Dáse traslado do escrito á Secretaría Xeral por se considera oportuno efectuar algún tipo de actuación ao respecto e á alumna infórmasele:

Que o calendario académico da USC é aprobado por Consello de Goberno, en concreto o do curso 2013/2014 na sesión celebrada o 14/03/2013. No Consello de Goberno os estudantes teñen representación e participación, polo que lle recomendo que se dirixa aos seus representantes no Consello de Goberno para que como membros do mesmo insten en dito órgano a efectuar as modificacións pertinentes no vindeiro calendario académico .

M-2014/04

Escrito presentado por unha docente solicitando a mediación do Valedor en relación ao proceso de resolución de xubilación por incapacidade permanente e a falla de información pola Universidade ao respecto.

Dos informes solicitados dedúcese o seguinte:

Que a USC ten respostado ao seu escrito desestimando o recurso potestativo de reposición.

O informe remitido polo Servizo de Xestión de Persoal da USC detalla minuciosamente a cronoloxía das actuacións efectuadas neste proceso, e informa que a Universidade de Santiago non ten capacidade nin competencia directa para solicitar ao EVI unha nova cualificación do grao de incapacidade máis aló do que xa leva tramitado neste caso, como é o darlle traslado da solicitude da funcionaria e esperar a que se produza unha nova cualificación se fose o caso.

M-2014/05

En relación cunha mediación referida á modificación dos criterios de selección na convocatoria de Axudas do Programa de Formación do Profesorado Universitario (FPU).

O Sr. vicerreitor de Investigación e Innovación informa o seguinte:

1º.-Que por resolución de 18 de novembro de 2013, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, convoca diversas axudas para a formación de profesorado universitario.

2º.-Que nos artigos 20, 23 24 e 26 se regulan basicamente os requisitos que deben cumprir os solicitantes, a documentación que hai que presentar en cada fase así como os prazos de presentación.

3º.-Que é o Ministerio de Educación a través dos seus órganos xestores o encargado da xestión e interpretación da convocatoria.

3º.-Que no prazo de presentación de solicitudes os órganos de xestión desta Vicerreitoría puxéronse en contacto co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para aclarar se os alumnos matriculados na etapa de máster, no curso 2013-2014, se podían presentar a esta convocatoria, lle aclararon ao Ministerio a casuística e as incidencias que se podían dar no cálculo das notas medias. A resposta do Ministerio foi clara e taxativa, Si se poden presentar.

4º.-Que por escrito do mes de xaneiro de 2014 os interesados solicitaron do Ministerio un novo cálculo da nota media, que se fixese unha revisión das solicitudes presentadas. Este escrito foi remitido cunha carta de apoio por parte desta Vicerreitoría do 30 de xaneiro. Sendo respostado polo Ministerio de Educación o 19 de febreiro.

5º.-Que o 7 de marzo tivo entrada no rexistro da OIT un novo escrito dos interesados, dito escrito é remitido ao Ministerio o día 11 de marzo.

Esta Vicerreitoría, como lle explicaron aos interesados tanto o xefe do servizo como o xefe de sección encargados de xestionar esta convocatoria apoiaron as pretensión dos interesados do seu escrito do mes de xaneiro.

M-2014/06

Foron presentados un total de catorce escritos de contratados posdoutorais da USC solicitando a mediación do Valedor en relación ao procedemento que se estaba a seguir para a aplicación do réxime tributario no seu salario.

Dende a Xerencia informan das actuacións efectuadas ante a Dirección General de Tributos sobre os aspectos controvertidos e formulase ante o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas unha consulta vinculante co fin de corroborar que tipo de normativa lles é de aplicación.

M-2014/07

Escrito presentado por un membro do PDI no que solicitaba a mediación do Valedor “para que el Consello de Goberno de la USC cumpla la normativa vigente que emana de una ley (la LOU)”

1º.- Este Valedor á vista da materia obxecto do escrito, solicitou informe á Asesoría Xurídica da USC sobre a conveniencia/necesidade da súa inhibición, no que se indica:

- Neste caso estase a solicitar a mediación do Valedor nun tema no que ten intervido pola súa condición de profesor membro do departamento. No consello deste departamento ten participado no debate e votación sobre a creación dunha nova área propia na USC e un novo departamento en varias ocasións. Isto determina que se deba inhibir de actuar. A alternativa sería que actuase a comisión de asesoramento e axuda do valedor.
- Non obstante, a mediación solicitada refírese á que “o consello de goberno cumpra a normativa vixente que emana da LOU”. O cumprimento da normativa non require mediación algunha.

2º.- En consecuencia co indicado, con data 11 de xuño de 2014 reuniuse a Comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor, comunicándolles a inhibición por parte do mesmo e sometendo á súa consideración o seu escrito.

3º.- Na citada reunión, dous membros da Comisión de Asesoramento e Axuda, aducindo razóns similares ás do Valedor decidiron inhibirse de actuar.

4º.- A Comisión de Asesoramento e Axuda ao Valedor, unha vez analizado o seu escrito, acordou, en consonancia co indicado no segundo parágrafo do informe da Asesoría Xurídica, non admitir a trámite a solicitude de mediación e suxerirlle que expoña a problemática obxecto do escrito ao novo Sr. vicerreitor de Organización Académica e Persoal Docente e Investigador e/ou ao Sr. reitor da USC.

2.2.- QUEIXAS

Q 1309/01

Foron presentados dezaeito escritos de queixa por distintos alumnos e por unha asociación de estudantes en relación coa imposibilidade de formalizar a matrícula a través de internet dunha materia optativa. No escrito, en resume, expoñían:

El motivo de esto es haber cursado la asignatura optativa.... Estas prácticas tienen lugar entre junio y agosto, por lo que la asignatura aún no se ha calificado, quedando así reflejado en el expediente académico de la Secretaría Virtual. Esta circunstancia impide que los estudiantes afectados puedan matricularse a través de internet, ya que la aplicación informática no permite que nadie con una asignatura pendiente de calificación se matricule del curso siguiente.

Solicítase informe da Secretaría Xeral no que se indica:

1.- O programa informático de matrícula require que para poder realizar unha matrícula todas as cualificacións do curso precedente estean debidamente cubertas e formalizadas no expediente. Isto é así para que no momento de formalizar a matrícula poida establecer un control das materias das que debe matricularse e realizar os controis establecidos na normativa de permanencia.

2.- Non obstante o anterior existen supostos nos que, ao inicio do curso e do período de matrícula, non remataron todas as actividades do curso precedente ou están pendentes de decisións administrativas para formalizar a matrícula. Estes son os casos de defensa dos TFG e TFM da convocatoria de setembro, prácticas, etc. e que se realizan en período que se solapa co do curso seguinte e que está autorizado por Acordo de Consello de Goberno de 2 de maio de 2013. O mesmo sucede cos solicitantes de recoñecementos, adaptacións ou validacións, que requiren un acto expreso de autorización de matrícula unha vez ditado o acto administrativo.

Nestes supostos unha vez rematada a actividade ou ditado o acto, se lle concede un prazo de 10 días para formalizar a matrícula.

Para aqueles supostos en que a efectos de bolsas é necesario que o alumnado estea matriculado dentro de determinados prazos tamén se permite a matrícula provisoria de xeito presencial nas Unidades de Xestión Académica.

3.- A matrícula na USC realízase ordinariamente por internet, pero a propia convocatoria xa contempla determinados supostos nos que a matrícula debe realizarse presencialmente (Artigo 6.2.1 da Convocatoria de matrícula).

Son os supostos excepcionais e que requiren a intervención de funcionarios para a comprobación de documentación ou requiren algunha autorización previa.

4.- No suposto obxecto da queixa o alumnado no pode matricularse por internet por canto, como se indicou, non teñen todas as cualificacións do curso precedente no expediente, polo que o programa non pode revisar o cumprimento da normativa de permanencia.

Non obstante o anterior, poden esperar a ter a cualificación que lles falta e proceder a matricularse nos 10 días seguintes, ou se require ter que estar matriculado por ser solicitante de bolsa, realizar a matrícula de xeito presencial na UXA xa que só os funcionarios das Unidades son os que poden realizar matrículas provisionais saltando, por razóns motivadas e autorizadas, os controis do programa que se establecen con carácter xeral para o alumnado.

5.- Entendemos que non se ocasiona ningún prexuízo ao alumnado xa que se permite realizar a matrícula de continuación unha vez obtidas as cualificacións e nun período no que o curso académico xa está iniciado.

Q 1309/02

Foi presentado un escrito de queixa por unha estudante en relación coa modificación da data de presentación e defensa dos Traballos Fin de Grao na oportunidade de setembro, indicando que os órganos da facultade decidiron cambiar en xuño e sen previo aviso os horarios oficiais de defensa do TFG.

No informe que lle foi solicitado o Decanato xustifica a necesidade de modificación do seguinte xeito:

A data de presentación de TFG modificouse do 27 de setembro ao 17 de setembro de 2013. O cambio non foi arbitrario nin foi tomado por este Decanato, xa que se produciu por acordo da Xunta de Facultade celebrada o 20 de xuño de 2013, co asentimento de todos os presentes. Nun anexo figura o certificado de dito acordo.

O motivo foi que no Consello de Goberno celebrado o día 19 de xuño de 2013 comentouse que a data límite para transmitir o número de matriculados nos Máster universitarios da USC previstos para o curso 2013-2014 era o 20 de setembro de 2013. O Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da comunidade autónoma de Galicia no artigo 6, número de estudantes de novo ingreso, reflectía que nas ensinanzas universitarias oficiais de máster universitario, demostrárase que a titulación proposta terá un número anual de estudantes de novo ingreso non inferior a 20.

Para facilitar alcanzar a cifra anterior e que os estudantes que rematen o Grao podan, se así o desexan, matricularse nos másteres universitarios antes do 20 de setembro, a Xunta de Facultade entendeu que era necesario modificar a data

inicialmente aprobada de presentación e defensa dos TFG, adiantándoa 10 días. Dita modificación fíxose antes de celebrar a primeira oportunidade (xullo 2013) e cun prazo de case tres meses á presentación e defensa da oportunidade de setembro.

Este acordo publicouse de inmediato no taboleiro de anuncios do Centro (no correspondente aos TFG) e na páxina web da Facultade. Neste decanato non se recibiu protesta algunha (defenderanse un total de 24 TFG) salvo hai uns días a realizada oralmente por unha alumna que consideraba que co novo prazo non tiña abondo para facer unha presentación adecuada, estudante que finalmente tamén presentou en prazo o seu traballo.

Q 1309/03

Escrito presentado por un estudante en relación coa aplicación do réxime de permanencia nos estudos que está a cursar no Grao no que se expoñía:

Tras haberme intentado matricular este curso, tive un impedimento al intentar hacerlo online. Me aparecía un mensaje diciendo que por no haber aprobado 30 créditos en los tres cursos anteriores no podía continuar. Sin embargo, tras haber revisado la Nueva Normativa de Permanencia publicada en el DOG Núm. 136 el martes 17 de julio de 2012 considero este impedimento erróneo ya que dicha normativa dice en su artículo número 3:

Artículo 3. Régimen de permanencia:

"El alumnado que inicia estudios en una titulación deberá superar como mínimo una materia obligatoria en el primer curso. De no cumplirse este requisito, se admitirá la matrícula en el siguiente curso, pero en este caso deberá superar un mínimo de 30 créditos obligatorios del primer curso o 15 si es matrícula a tiempo parcial."

De acuerdo con la normativa de permanencia, entiendo que el requisito de aprobar 30 créditos solo es obligatorio de no cumplirse el requisito anterior de aprobar una asignatura obligatoria de primer curso. Se trata de un requisito que yo si cumplo al haber aprobado en primero una asignatura.

No informe solicitado, a Oficina de Análise de Reclamacións (OAR) indica que a UXA informou que:

O alumno presentou solicitude de matrícula nesta Unidade ao non poder facela a través da Secretaría Virtual. Cumpre co requisitos de ter superada algunha materia no primeiro ano. Estamos pendentes de formalizar a súa matrícula por problemas técnicos.

Escrito de queixa presentado por unha integrante do colectivo de Persoal Docente e Investigador (PDI) da USC en relación co número de mulleres que teñen participado no Programa Conciencia e recibido o Premio Fonseca, expoñendo:

“O PROGRAMA CONCIENCIA da USC convidou nas súas 8 edicións a 25 científicos e a 2 científicas. Pola súa parte, o PREMIO FONSECA foi concedido nas súas 4 edicións a 4 científicos. Esta ausencia inustificada de mulleres contradi o plan estratéxico da igualdade de homes e mulleres desta universidade. Dito plan establece como obxectivo xeral a "Visibilización do sexismo, sensibilización e creación dun estado de opinión" sendo unha das accións aprobadas "Potenciar o incremento de mulleres distinguidas a través de honras e insignias así como a súa presenza en actos da universidade de especial relevancia".

A vista das cifras anteriores, parece evidente que o programa Conciencia e o programa Fonseca contribúen exactamente ao obxectivo contrario, afondar na ocultación da muller científica

En relación coa queixa admitida a trámite hai que indicar o seguinte:

A web correspondente ao Programa ConCiencia informa das súas características e obxectivos:

O programa ConCiencia, da USC e o Consorcio de Santiago, financiado pola Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología - Ministerio de Economía y Competitividad, segue a consolidar o seu prestixio e a súa condición de referente na proxección pública da ciencia, circunstancia sinalada por varios participantes de edicións anteriores.

Entre os obxectivos desta iniciativa, cabe destacar:

A divulgación científica a cargo de Premios Nobel.

Proxecta-la imaxe da Cidade de Santiago de Compostela como foco universal do pensamento.

Servir de ponte para o reforzamento de contactos científicos entre líderes da máxima relevancia científica mundial e o corpo de investigadores da USC.

Estas bases diferencian o programa ConCiencia de calquera outra iniciativa de divulgación científica, posto que buscan, á marxe da clásica conferencia ou acto puntual, a rendibilización da visita destes Premios Nobel favorecendo o seu contacto con especialistas locais.

- O informe solicitado ao Sr. director do Programa ConCiencia – Premios Fonseca indica:

“.../, fágolle saber que o programa ConCiencia é artellado en base a visitas de persoas distinguidas co Premio Nobel (en edicións pasadas, tamén co galardón equivalente en matemática e ciencias da computación) que teñan un paralelo con actividades ou liñas de investigación da USC.

Non hai mulleres vivas gañadoras do Premio Nobel de Física, nin de Economía. Hai 1 gañadora viva do Premio Nobel de Química (que xa participou no programa ConCiencia) e 5 do Premio Nobel de Fisioloxía ou Medicina (das que se convidou a 2, que declinaron o convite). Non hai gañadoras nin do Premio Abel nin da Medalla Fields e hai 1 gañadora do Premio Turing (que xa participou no programa ConCiencia).

Canto ao Premio Fonseca, non se convoca dende hai máis de dous anos.”

Por iso á vista dos datos que se poñen de manifesto na tramitación desta queixa *deuse traslado da mesma á Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade recomendándolle estudar a realización ou fomento doutras actividades que fagan visible o papel da muller no ámbito científico e universitario consonte ao establecido nas actuacións do Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres da USC.*

Q 1309/05

Foron presentados escritos de queixa por dúas estudantes admitidas nun Máster en relación coa imposibilidade de compatibilizar a súa xornada laboral cos citados estudos de posgrao.

O informe do Coordinador do Máster, recollía, entre outros aspectos, o seguinte:

PRIMERO. El establecimiento de un requisito de asistencia, al menos, al 80% de las actividades docentes presenciales programadas se ajusta a lo previsto en Memoria de verificación del título y en la normativa de la USC. No se trata, además, de una condición prevista por mero capricho del coordinador o de la Comisión Académica del Máster sino que obedece a razones académicas y docentes -plenamente coherentes con el llamado modelo de Bolonia- que a este coordinador le da cierto rubor tener que explicar en el medio universitario.

SEGUNDO. En lo que se refiere a la Memoria del título, verificada por la ANECA y aprobada por el Consejo de Universidades, se dispone que nos encontramos ante un Máster presencial, esto es, que el tipo de enseñanza que oferta es presencial. Esta elección ya tiene una consecuencia concreta en relación con la asistencia a las actividades docentes, que se refleja en la Guía de apoyo para la elaboración de la Memoria de verificación de títulos oficiales universitarios, en la

que se indica que enseñanza presencial es "aquella que requiere que el estudiante asista de forma regular y continuada durante todos los cursos a actividades formativas regladas en el centro de impartición del título". Del mismo modo, en la memoria del título se incide en la importancia de la asistencia y participación en las actividades docentes presenciales, teóricas y, sobre todo, prácticas. Esto mismo queda reflejado en el sistema de evaluación de las diferentes materias, uno de cuyos criterios es la participación activa en clases teóricas, debates o seminarios.

La importancia atribuida a la asistencia regular a las actividades docentes presenciales es plenamente coherente con la metodología docente que inspira al Espacio Europeo de Educación Superior en el que se incide en la adquisición de competencias por parte de los estudiantes. Un repaso de las competencias generales y específicas de este título de Máster, que figuran en la memoria de verificación, pone de relieve que muchas de ellas no se podrán adquirir sin la asistencia a las actividades docentes presenciales, pues requieren de la participación activa del alumno. Asimismo, un sistema de evaluación continua, como el que propugna el Máster, solo se puede aplicar si el alumno asiste y participa con regularidad en las actividades docentes. A este respecto, las razones que se alegan en las quejas se basan en un enfoque tradicional de la docencia basado en contenidos y horas lectivas, que no es el que se propugna en el Espacio Europeo de Educación Superior (EEES). Por todos estos razonamientos, el establecimiento de un criterio de obligatoriedad de la asistencia a las actividades docentes presenciales es plenamente coherente con la metodología docente que inspira el llamado modelo de Bolonia.

TERCERO. Este requisito se ha previsto en virtud de la normativa de la USC, que contempla la posibilidad de que "para superar determinadas materias deberá acreditarse a asistencia de, polo menos, o 80% das actividades presenciais programadas", según dispone el art. 9.1 de la Resolución reitoral do 2 de abril de 2007, pola que se desenvolve o regulamento de estudos oficiais de posgrao. Esta posibilidad está desarrollada en la Normativa de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao espazo europeo de educación superior, en la que se enfatiza que las consecuencias de la implantación del EEES "afectan aos procedementos de avaliación que deben basearse na formación continua e nela un dos parámetros para o calculo da relación de créditos ECTS - carga de traballo do estudante, debe ser a asistencia a clase o seguimento diario do alumnado a través da realización de diferentes actividades na aula debe ser un eixe para determinar o seu aprendizaxe". Como se indica en la normativa, la asistencia a las actividades presenciales no se concibe como un fin en sí misma, sino que va dirigida a facilitar la comprensión de la materia, adquisición de competencias, aprendizaje continuo, interacción con otros alumnos,... En atención a estos beneficios, resulta sorprendente que en los escritos de queja se minusvalore -e incluso se desprece- la asistencia a las actividades docentes. Todo lo contrario, resulta ilógico -y contrario a las bases metodológicas sobre las que se asienta el EEES- pretender, como se insinúa en los escritos de queja, que se pueda obtener un título de Máster de estas características (distinto será el

caso de los posgrados ya planteados con carácter semipresencial e, incluso, online) sin haber asistido, ni participado, en las actividades docentes presenciales.

.../ se debe destacar que la USC contempla la figura de la matrícula a tiempo parcial, que los alumnos matriculados en el Máster pueden solicitar. Esta modalidad de matrícula, que permite realizar el Máster en dos cursos (reduciendo así la carga docente por curso), está destinada a alumnos en los que concurran circunstancias de orden laboral u otras que les impidan seguir con regularidad la docencia del Máster.

Esta es la única figura en la que se contempla la situación especial de los alumnos que compatibilizan sus estudios con una actividad laboral; mientras que en las normas de planificación académica anual de la USC correspondiente al curso 2013-2014 no se prevé que deban tenerse en cuenta circunstancias de este tipo a la hora de elaborar la programación del Máster.

Q 1309/06

Foi presentado un escrito de queixa por un estudante do Grao en relación coa acreditación do nivel B1 de competencia lingüística nunha lingua estranxeira. No escrito expón:

- Que superou as probas correspondentes ao nivel B1 que organiza a Universidade de Cambridge.
- Que non lle emiten o certificado definitivo ata pasados uns meses dende a realización das probas.
- Que acredita mediante os documentos que se acompañan, emitidos pola Universidade de Cambridge, a superación das probas.
- Que a UXA correspondente non lle admite como válidos ditos documentos, o que lle impide facer o depósito do título e en consecuencia formalizar a matrícula nos estudos de posgrao que pretende cursar, cuxo prazo de preinscripción remata o día 1 de outubro.

Envíase un escrito á Secretaría Xeral da USC informándolle que doutras queixas que se están a tramitar no Valedor constátase que o número de probas que organiza a USC para acreditación do nivel B1 é claramente insuficiente, o que provoca que os estudantes teñan que facer probas de acreditación externas e solicitando que se analice/estude a posibilidade de ter en conta aos efectos oportunos a documentación presentada.

Con posterioridade a Secretaría Xeral informa:

“1.- Para a admisión a trámite e expedición do depósito de título, os alumnos teñen que acreditar o nivel B1 de idioma mediante algúns dos procedementos establecidos, conforme os acordos do Claustro e a normativa aprobada pola USC.

2.- No caso da queixa, a acreditación que achega de Cambridge non é unha certificación como esixe a Normativa e xa no propio documento aportado indica expresamente que "THIS IS NOT A CERTIFICATE" polo que, correctamente, as unidades de xestión rexeitan a acreditación achegada.

3.- Non obstante o anterior, e para non prexudicar aos alumnos, a USC procedeu a verificar a veracidade do resultado mediante o procedemento electrónico que ten establecido a universidade emisora.

4.- Unha vez verificado que o alumno superou a proba, por parte da USC déronse instrucións ás UXA's para que se admita a trámite a solicitude de depósito de título e se comunique ao alumno que deberá achegar a certificación oficial en canto lle sexa expedida.”

Q 1309/07

Queixa presentada por unha integrante do PDI referida á non utilización do idioma galego en manuais/aplicacións da USC.

O informe remitido pola Xerencia da USC explicaba:

“Inicialmente o Consorcio para o desenvolvemento das aplicacións para xestión universitaria (CIXUG) remitiu o manual en castelán, tal como a súa vez llo remitira UNIXEST, entidade encargada de facer este módulo. Na área Tic, o propio responsable de sistemas detectou a cuestión e pediulle ao xerente de Unixest o módulo en galego, que o enviou o mesmo día traducido, e así foi remitido en segunda instancia, e que está operativo na súa versión en galego dende finais da semana pasada.

Tanto a CIXUG como Unixest teñen a obriga do uso do galego, e estes erros non se poden volver dar, máxime cando estamos ante entidades vinculadas ás universidades e tamén tendo en conta que non é a primeira vez que acontece.

Por iso, recordámoslle ao xerente do CIXUG que coide especialmente esta cuestión, para evitar que volva a acontecer, e que llo transmita a Unixest formalmente, mais alá de que Unixest xa recibiu a nosa queixa cando pedimos a versión traducida.”

Q 1309/08

Queixa referida á imposibilidade de cursar os estudos de inglés nivel 7 (B2.2) no Campus de Lugo.

O informe elaborado pola Sra. directora do Centro de Linguas Modernas (CLM), indicaba o seguinte:

A oferta de linguas do CLM réxese, tal e como consta no Regulamento Interno do CLM aprobado o 25 de maio de 2012 e sito no enderezo web:

http://www.usc.es/export/sites/default/gl/servizos/clm/descargas/Regulamento_CLM_25.06.2012.pdf

polas posibilidades do Centro e pola demanda social das linguas entre outros:

Art.- 3: Obxectivos

Os obxectivos do CLM son os seguintes:

3.1 Organización e desenvolvemento de cursos de idiomas e de módulos de autoaprendizaxe titorizada a través do CAT destinados preferentemente á comunidade universitaria e tamén a toda aquela persoal de polo menos 16 anos de idade e interesada na aprendizaxe de linguas. O número e carácter das linguas impartidas no CLM e no CAT do CLM estará en relación cos intereses estratéxicos da Universidade, coas posibilidades do propio Centro e coa demanda social das devanditas linguas.

O profesorado de Lugo xunto coa dirección do CLM planifica a oferta de cada curso académico en función dos obxectivos citados con meses de antelación. Dado que a única profesora de inglés con contrato nese campus ten a súa dedicación esgotada con outros cursos de maior demanda, non foi posible satisfacer o desexo do demandante e programar cursos de nivel B2.2. Por outra banda as limitación dos espazos e a propia organización dos cursos non asegura, que todos os que desexan matricularse nun nivel, días e horarios concretos poden facelo sempre, aínda que o nivel estea convocado.

O demandante pode estar seguro que todos no CLM facemos o máximo posible que podamos para ofertar un servizo demandado e de calidade.

Se vemos, segundo os resultados das probas de nivel e as peticións dos demais alumnos que acadaron o nivel 6 (B2.1) que a demanda de cursos de nivel 7 (B2.2) é tan importante que asegura a ocupación dun grupo e nos permite buscar a colaboradores externos para asegurar a impartición dese nivel, non aforraremos esforzos para facelo.

Q 1309/09

Escritos de queixa presentados por estudantes dunha licenciatura en relación co procedemento de revisión e de cualificación nunha materia.

Solicítase informe ao Decanato, que remite o elaborado polo profesor coordinador da materia explicando as actuacións seguidas no proceso de avaliación.

Q 1309/10

Presentado un escrito de queixa por un estudante en relación coas que considera condicións inadecuadas de habitabilidade dun aula, ao producirse temperaturas elevadísimas cando hai clase por estar os equipos de aire acondicionado avariados dende hai máis dun ano.

O informe do decanato do centro recolle que:

“Esta Facultade procederá á reparación das instalacións obxecto da queixa, o que de feito ten sido xa iniciado no momento presente, dando traslado á empresa concesionaria do servizo de mantemento de instalacións de climatización da USC da incidencia.”

Q 1309/11

Queixa presentada por un estudante en relación co procedemento de defensa e avaliación dun Traballo Fin de Máster (TFM).

Non foi admitida a trámite polos seguintes motivos:

- En relación coa que considera primeira anomalía: “a apertura do sobre co informe das directoras do TFM antes da defensa do mesmo”, hai que indicar que tanto a normativa propia do Máster como a *Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster* (Aprobada polo Consello de Goberno de 2 de maio de 2013) non fan explícito o momento no que se debe producir o mesmo:

Artigo 8.- Presentación e defensa dos Traballos Fin de Grao e Fin de Máster.

8.1. O alumnado deberá presentar o TFG na Secretaría do centro no que se atope matriculado e o TFM no lugar que sinale a Comisión correspondente. Os requisitos formais determinarase na normativa que desenvolvan os Centros ou as

Comisións Académicas. A presentación do Traballo requirirá o informe previo e preceptivo de titorización.

- *Por outra banda no que respecta á intervención do presidente do tribunal, enténdese que son apreciacións de carácter científico-técnico non entrando a súa valoración dentro das atribucións do Valedor da Comunidade Universitaria.*

Q 1310/01

Queixa presentada por unha estudante en relación coa ausencia de información sobre os requisitos e o procedemento de matrícula dunha materia.

Solicítase informe ao Sr. decano da Facultade no que expresa:

1º- Nas Memorias de verificación dos títulos de Grao, que se imparten nesta Facultade, recóllense expresamente uns requisitos previos para poder matricularse das materias e o Traballo Fin de Grao. Polo que respecta á materia á que se refire a queixa da alumna, nas Memorias recóllese que " para matricularse en el Prácticum I será requisito tener superados al menos 48 créditos del primer curso".

2º- Por razóns que descoñecemos, non foi introducido na aplicación de matrícula este requisito, polo que o sistema permitiu a matriculación de estudantes que non o cumprían. Cando na Facultade se detectou, de xeito casual, este erro, comunicouse á Unidade de Xestión Académica, que procedeu a anular as ditas matrículas das/os estudantes que non cumprían o requisito.

3º- Como consecuencia disto, dúas alumnas presentaron reclamación diante da Oficina de Análise e Reclamacións, dando conta á Facultade das súas circunstancias particulares.

4º- O alumnado da Facultade está perfectamente informado destas incompatibilidades de matrícula, das que se dá conta na xornada de acollida dirixida aos estudantes de primeiro curso ao inicio do curso académico, así como nas sesións informativas convocadas desde a Coordinación do Prácticum. Por outra banda, as Memorias dos Títulos están accesibles dende a páxina web da Facultade.

5º- Por parte da Facultade xa se instou á Unidade de Xestión Académica para que se fagan os trámites que permitan a introdución destas incompatibilidades de matrícula na aplicación informática, de xeito que non volvan a ocorrer estas anomalías en vindeiros cursos, sobre as que a Facultade non ten ningunha

responsabilidade e que ocasionan falsas expectativas e confusión entre o alumnado.

Q 1310/02

Foi presentado por unha alumna un escrito de queixa en relación coa desestimación dunha solicitude de anulación de matrícula nun Máster.

Matricúlome no Máster, contando que era beneficiaria de bolsa do MEC. Tras coñecer que para este máster non tería beca solicito a anulación de matrícula, e atópome que non se me concede porque aínda que se permite matricularse ata o 4 de outubro, o prazo de anulacións de matrícula rematou o 30 de setembro. Parece-me que esta situación debería de anularse, e que ó menos se permita eliminar a matrícula polo menos pasados uns días despois do límite da matrícula. Por esta razón atópome que teño unha débeda xerada coa universidade que non podo afrontar pois eu buscaba un máster que me fora cuberto con beca, pois estou en desemprego xa hai moitos anos.

A información dada na páxina do MEC, referida ós requisitos de nota media para obter beca levoume a crer que era beneficiaria da mesma para cursar o máster, xa que dicía que se tería en conta a nota media do "curso" que dá acceso ó máster, en lugar da titulación. No meu caso o último curso cursado na USC, era o curso ponte, para obter o grao, cuxa nota media era de máis de sete puntos, co cal tería dereito a beca.

Pero ó parecer non era así, o que se valora é a media ponderada das titulacións cursadas, na USC.

Dende a Oficina de Análise de Reclamacións informan que mediante resolución reitoral resolveuse estimar o recurso de reposición que tiña interposto a alumna e en consecuencia anular a matrícula no Máster.

Q 1310/03

Foi presentado un escrito por unha estudante de doutorado en relación coa non devolución pola USC dos prezos públicos da súa matrícula no doutoramento como establece a Convocatoria de bolsas/contrato de investigación do Programa de Formación de Profesorado Universitario (FPU).

Dende a Secretaría Xeral da USC informan que de oficio estanse a efectuar as devolucións correspondentes.

Q 1310/04

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna en relación coa esixencia de pagamento de 22,31€ para poder obter unha copia do certificado académico oficial en castelán. No escrito expón:

- Que xa abonou ese importe para a obtención do seu certificado académico oficial de estudos, que está en galego.
- Que precisa unha versión do mesmo en castelán para solicitar unha bolsa de prácticas e manifesta a súa desconformidade con que teña que afrontar un novo pagamento para obter a versión en castelán.

A Secretaría Xeral remite o seguinte informe explicativo:

a) O prezo por expedición de Certificacións Académicas está fixado polo Decreto da Xunta de Galicia, polo que se fixan os prezos públicos por matrícula.

b) Neste Decreto non se contempla a posibilidade de “duplicados” nin a expedición de “copias” nin “traducións”, polo que cada certificación que se expida debe abonarse integramente.

c) O alumnado no momento de solicitar un certificado debe indicar, ademais do seu contido dentro das opcións establecidas, o idioma no que se vai a expedir, indicando claramente que no caso de non elixir expedirse en galego.

Achéganse as opcións que figuran na Secretaría Virtual do alumnado, tanto en Grao como en titulacións anteriores ao EEES, onde cada alumno debe optar polo idioma no que se expide o documento.

d) En consecuencia, cando o alumnado necesite un novo certificado no mesmo idioma ou en idioma diferente, deberá abonar as correspondentes tarifas.”

Q 1311/01

Foron presentados escritos de queixa por 21 membros do Persoal de Administración e Servizos (PAS) manifestando a súa desconformidade en relación á convocatoria de prazas correspondentes á oferta pública de emprego de 2010.

Solicitado o correspondente informe á Xerencia, envía escrito explicativo no que resposta a todos os aspectos que figuraban nos escritos de queixa e

indicando que se lle enviará contestación análoga de forma individualizada a todos os presentadores da queixas.

Q 1311/02

En relación cunha queixa presentada por unha alumna e referida á esixencia de acreditación do nivel B1 dunha lingua estranxeira para acceder aos estudos de Máster.

Comunicannos que mediante Resolución Reitoral de data desestimouse o recurso de reposición interposto pola alumna.

Na información que lle foi solicitada o Sr. coordinador do Máster indica que:

- a esixencia de acreditación do nivel dunha lingua estranxeira recóllese na ORDEN ECI/3858/2007, de 27 de decembro, por la que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de las profesiones:

Apartado 4.2. Condiciones de acceso al máster:

.../ Asimismo, habrá de acreditarse el dominio de una lengua extranjera equivalente al nivel B1 del Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas.

A páxina web do máster informaba sobre o dito requisito nos Criterios de acceso e admisión:

“Deberán acreditar un nivel B1 de competencias lingüísticas dunha lingua estranxeira, de acordo co establecido no Marco Común Europeo de Referencia para as linguas segundo a Recomendación N° R (98) 6 do Comité de Ministros de Estados Membros, do 17 de outubro de 2000. Esta acreditación deberá realizarse de xeito previo ou simultáneo á formalización da matrícula.”

Por outra banda, solicitouse á Unidade de Xestión Académica correspondente un informe sobre tramitación de anulacións de matrícula en dito máster motivadas polo incumprimento do requisito de acreditación do nivel B1, resultando o seguinte:

- Total de alumnos matriculados no Máster en no Campus de Santiago: 201

- Alumnos aos que se lles anulou a matrícula por non presentar a acreditación ou aportar documentos que non están recollidos como válidos na normativa vixente: 8

Polo que se considera que o grao de incidencia destas situacións non é especialmente significativo e non permite apreciar que sexa produto dalgunha deficiencia ou disfunción.

Q 1311/03

Queixa presentada por unha PDI en relación coa *Normativa de vacacións e asuntos particulares do PDI*.

Efectuouse a seguinte recomendación á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador da USC:

“Recibiuse nesta Institución e foi admitida a trámite, unha queixa relativa á *“Normativa de vacacións e asuntos particulares do PDI”*. Como documentación adxunta apórtase un escrito desa Vicerreitoría, denegándolle a solicitude de cambio de vacacións para gozalas no mes de xaneiro por ser contraria esta pretensión á normativa vixente: *R.R. do 12 de maio de 2008 relativa ás vacacións, licenzas e permisos do P.D.I. da USC* e modificada por *R.R. de 12 de marzo de 2013*.

No último parágrafo do seu escrito se lle comunica á solicitante a posibilidade dunha futura revisión de dita normativa pola que se rexe o PDI, para adaptala e facela semellante a normativa pola que se rexe o PAS: *Instrución I/2013 da Xerencia da USC relativa ao calendario de festas, vacacións, permisos e horario do P.A.S.*, para evitar así diferentes xeitos de considerar as solicitudes do persoal da USC.

Recoméndase pois a esa Vicerreitoría, que coa maior rapidez posible leve a cabo as accións oportunas para a revisión e corrección de dita normativa e así evitar no futuro situacións semellantes á exposta no escrito de queixa. “

Con posterioridade a Vicerreitoría de Titulacións e PDI informa:

Con respecto ao expediente de queixa n Q1311/03 sobre o que esta vicerreitoría lle remitiu informe con data 4 de febreiro de 2014, poño no seu coñecemento que, tras a correspondente negociación na Mesa Sindical do PDI, o 24 de marzo de 2014 aprobouse a resolución reitoral pola que se adapta a normativa interna á

regulación vixente en materia de vacacións e permisos por asuntos particulares do PDI da USC e se dita instrucións para o ano 2014, que entrou en vigor o 26 de marzo de 2014, data na que se lle deu publicidade a través do taboleiro electrónico oficial da USC.

Nesta resolución, da que lle achegamos unha copia, recóllese a previsión sobre o goce das vacación do PDI anunciada no informe remitido o día 4 de febreiro de 2014.

Q 1311/04

Foi presentado un escrito por unha beneficiaria do Programa de Formación de Profesorado Universitario (FPU) en relación coa minoración que se lles está a aplicar dende o mes de xullo na súa retribución correspondente á bolsa/contrato de investigación do programa FPU que teñen concedido.

No informe solicitado a Vicerreitoría de Investigación e Innovación indica o seguinte:

1º.-Que a Lei 2/2013, da Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 37 establece:

Dous. As retribucións do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia reduciranse nunha porcentaxe equivalente á obtida da aplicación do indicado na letra d) da alínea Un do artigo 21 desta lei sobre as retribucións íntegras anuais do persoal funcionario da Xunta de Galicia, e este axuste deberá supoñer no seu conxunto un 5 % da masa salarial de cada entidade.

2º.-Á vista do establecido realizáronse consultas relativas a "la interpretación que hacían en relación a la aplicación a los programas de Recursos Humanos de la Administración General del Estado de la minoración retributiva prevista por la normativa autonómica y la implicación que tendrá su aplicación a efectos de la justificación de las subvenciones" as devanditas consultas realizáronse a

"Dirección General de RR.HH para la investigación"
"Dirección General de Política Universitaria"

3º.-A resposta dada ás consultas realizadas foi literalmente a seguinte:

"...es evidente que el personal contratado por esta universidad financiado con cargo a ayudas del MECD, debe aplicarse la reducción retributiva establecida por la administración autonómica gallega...."

"... La Ley 2/2013, de la Comunidad Autónoma de Galicia no ha hecho más que aplicar el mandato básico estatal para su ámbito. Se entiende, por tanto, que no se impone una doble reducción salarial...."

"...Las convocatorias no pueden ser contrarias a una ley de carácter autonómico, en este caso de carácter presupuestario...."

4º.-Á vista do establecido na Lei 2/2013 e dos informes arriba indicados a Universidade de Santiago de Compostela está obrigada a aplicar as deducións salariais establecidas na normativa da Comunidade Autónoma.

Q 1311/05

Foi presentada queixa por unha estudante en relación co non recoñecemento do nivel B1 dunha lingua estranxeira aos efectos de expedición do título, ao estar acreditado por un diploma expedido polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, aducindo que o diploma non está acreditado por ACLES (Asociación de Centros de Linguas en la Enseñanza Superior).

A UXA correspondente informa que se ten efectuado o recoñecemento e a acreditación do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira e que foi incorporada no expediente, polo que procedemos a rematar a tramitación da queixa

Q 1311/06

En relación cunha queixa presentada por unha alumna e referida á incompatibilidade de prazos de determinados trámites de xestión académica cos establecidos nas convocatorias de bolsas predoutorais do Plan I2C da Xunta de Galicia.

Dos datos que se desprenden da tramitación da queixa obsérvase que se produce un solapamento de datas, que é previsible se reproduzan no futuro, de xeito que os alumnos que rematan estudos na segunda oportunidade (mes de xullo) e defendan o TFG no mes de setembro (Entrega Actas TFG /TFM do 1 setembro ao 30 setembro 2014) non poden acreditar a titulación correspondente e así solicitar ditas bolsas predoutorais se o prazo de presentación de solicitudes remata nos primeiros días do mes de setembro como ven sendo o habitual.

Por iso recoméndolle á Secretaría Xeral da USC que dende a Universidade se efectúen as xestións oportunas ante a Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para evitar que esta situación, na medida do posible, se reproduza nas vindeiras convocatorias, tratando de coordinar ambos calendarios.

Q 1311/07

Foi presentado un escrito de queixa por unha estudante do Campus de Lugo en relación coa diferenciación/déficit no acceso á información dos estudantes de dito campus respecto aos do Campus de Santiago. En concreto fai referencia a unha convocatoria para unha presentación informativa que se efectúa en Santiago e non en Lugo.

Dado que tiña dirixido un escrito análogo á Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización, solicitouse información da resposta que se dera ao mesmo, indicando que foi a seguinte:

Estimada Sra.,

moitas grazas pola súa mensaxe. Creo que é un error imputar a esta vicerreitoría o tratamento do campus de Lugo como un campus 'de segunda', pois colaboramos activamente a todos os niveis cos centros e servizos do campus de Lugo. No caso que nos ocupa, a iniciativa de realizar o acto informativo non parte da USC ou desta vicerreitoría, senón do propio DAAD, o representante do cal vai estar en Santiago de Compostela por outros motivos e financiado por outra entidade. A USC o único que fai é brindarlle a unha institución que representa ao sistema universitario alemán o espazo e os medios de publicidade para realizar o evento. A axenda do señor ... non permitía, aínda que se lle comentou, a visita ao campus de Lugo. Teña en conta tamén que a lectora de alemán, profesora do departamento de, ten e pode difundir toda a información que vaia dar o Sr. ..."

Do antedito despréndese que a USC actúa só como como unha entidade colaboradora co DAAD na prestación de medios, máis cabe a posibilidade de que a maiores manteña unha actitude pro-activa na difusión da presentación informativa, polo que *se recomenda que se faga un esforzo nese eido ben a través da profesora que se indica, ou mediante retransmisión por videoconferencia do acto, ou gravación do mesmo e difusión a través da web institucional, etc..., de xeito que neste caso e con carácter xeral, o acceso e transmisión de información sexa o máis*

homoxénea entre todo o estudiantado da USC, independentemente do campus no que curse os seus estudos.

Q 1311/08

En relación cunha queixa presentada por un alumno e motivada pola ausencia de profesorado nunha materia.

Recibiuse escrito do Sr. director do Departamento onde se enumeran as circunstancias e os elementos xustificativos da demora na cobertura da docencia, indicando entre outros os seguintes:

.../... O contrato como investigador Ramón y Cajal do Profesor que tiña asignada a docencia da materia rematou o 21 de novembro de 2013.

O mesmo día 21 de novembro o propio profesor comunicalle ao director do Departamento que asinou un contrato por obra e servizo que non inclúe actividade docente. De seguido o director transmitelle por correo electrónico ao vicerreitor o agravio que supón esta decisión e os prexuízos que pode causar a terceiros: profesores do departamento e alumnos. Inmediatamente procédese a cubrir a docencia descuberta. Neste punto danse varias circunstancias que retrasan o proceso, como son as peculiaridades da docencia impartida, e o feito de que o profesor finalmente asignado se atope ausente cun permiso.

O día 2 de decembro o Consello de Departamento reúnese de xeito extraordinario para aprobar as modificacións de POD que solucionen esta situación.

O día 11 de decembro apróbbase por asentimento no Consello de Departamento a remisión dun escrito de queixa dirixido ao Sr. vicerreitor de Titulacións e Persoal Docente e Investigador sobre o fondo e forma na que se ten levado este tema.

Q 1311/09

En relación cun escrito referido á non asistencia ao laboratorio de prácticas da docente encargada de impartir a docencia dunha materia.

O mesmo non pode ser admitido a trámite como unha queixa, pois a ausencia da profesora non implica que o alumnado perda o dereito a exame.

No entanto ante os feitos expostos, puxémonos en contacto telefónico co Sr. decano da Facultade, quen informa que ao longo desa semana arbitraranse as medidas oportunas para solventar a situación descrita no escrito de queixa.

Q 1311/10

Foi presentada por parte dunha alumna unha queixa relativa a cuestións de validacións. En concreto a queixa refírese a dous aspectos:

- 1) Materias que non lle foron validadas e que entende que si deberían terse validado.
- 2) Prazos de notificación do resultado das validacións solicitadas.

Envíase á Secretaría Xeral da USC a seguinte recomendación:

Respecto ao primeiro punto, esta institución non entra a considerar o contido da resolución, dita resolución foi recorrida pola alumna.

Onde si quere entrar o Valedor e no segundo dos aspectos. É completamente inadmisíbel dende calquera punto de vista que se presente a solicitude con data 20 de agosto de 2013 e a notificación da resolución chegue o 5 de novembro, é dicir, transcorridos dous meses e medio.

Na USC, existe un “*Protocolo para a regulación das validacións e adaptacións*”, aprobado polo Consello de Goberno con data 24 de abril de 2006, onde como di o texto, unha vez detectados problemas nos cumprimentos de prazos, se establecen procedementos encamiñados a súa corrección.

Dito protocolo, que neste momento é manifestamente mellorable, e habería que adaptalo ás novas situacións derivadas dos cambios normativos, do desenvolvemento de tecnoloxías de xestión, etc., despois de case 8 anos, nin sequera esta Universidade cumpre os prazos que se establecían nel.

Os procesos de validacións/adaptacións, recoñecemento de estudos, é un tema que sistematicamente suscita queixas ante o Valedor, debido a que o procedemento é absolutamente disfuncional. Os problemas e prexuízos que estes incumprimentos lle orixinan ao alumnado son importantes e cada vez se agudizan máis (por exemplo: nova normativa sobre bolsas).

Ante esta situación con data 21 de xuño de 2013 fíxose unha recomendación tendente a mellorar o procedemento, así como a controlar os incumprimentos. Dado que a situación persiste, de novo reitérase a recomendación:

“.../que dende esa Secretaría Xeral se coordinen as actuacións oportunas para que se faga unha análise exhaustiva conxunta entre os diferentes axentes implicados no proceso (Decanatos, Unidades de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos, UXAs) para tentar de, na medida do posible, facer máis áxil e operativo o procedemento a seguir nestes casos, así como da incorporación de mecanismos de control do cumprimento de dito proceso co obxecto de corrixir os problemas aos que da lugar o procedemento actual.”

Facendo fincapé en que se adopten as medidas oportunas para que o remate do proceso teña lugar nun tempo razoable, o máis breve posible. Tamén quero incidir, en que unha vez detectado onde se producen tales incumprimentos se poñan en marcha mecanismos correctores, tal e como se recollía no *“Protocolo para a regulación das validacións e adaptacións”*e/ou outros que a Universidade estime axeitados.

En relación coa recomendación a Secretaría Xeral comunicou que *“acordouse crear unha comisión que estude as propostas de mellora para reducir os tempos de resposta”* das solicitudes de recoñecemento de estudos.

Q 1311/11

Foi presentado un escrito de queixa por estudantes do Grao en relación co procedemento de asignación de titores para a realización do Traballo de Fin de Grao (TFG). No escrito expoñen:

- Que se asignaron as listaxes definitivas dos titores do TFG as cales reclamamos, non obtendo unha resposta satisfactoria.
- Que estamos de acordo en que se teñan en conta nas notas medias do expediente para dita asignación pero tamén nos prometeron que se ían ter en conta aquelas persoas que cursarían mencións para a asignación.
- Nas listas hai estudantes que teñen asignados docentes dunha área e non están cursando unha mención, mentres que os que si a están a cursar non temos dereito.

- Non queremos menosprezar a ningún docente pero si reclamar o noso dereito a poder realizar un traballo fin de grao sobre un tema elixido que queiramos, e non facer un que o docente propoña por ser da súa área de traballo.

Solicitado informe ao Sr. decano da Facultade, indica:

“Que o procedemento de asignación de titores dos Traballos Fin de Grao desenvólvese é o seguinte:

Primeiro. - Os Departamentos encargan a docencia dos TFG ao seu profesorado e remiten á Comisión de TFG a relación de profesores.

Segundo.- A Comisión solicita ao profesorado con encargo de docencia nos TFG que oferte liñas dos traballos.

Terceiro.- Ao alumnado ofértaselle a relación de titores co número de prazas e liñas dos traballos e solicitan a asignación expresando as súas preferencias por orden descendente.

Cuarto.- A asignación dos/as alumnos/as a cada titor realízase tendo en conta as preferencias solicitadas, o nº. de prazas de cada profesor e a nota media do expediente acadada ata o curso académico inmediatamente anterior ao curso académico actual.

Quinto.- No curso académico 2013/2014 no Grao están matriculados 160 alumnos/as no TFG e é vontade deste equipo decanal e da Comisión dos TFG apoiar ao profesorado para que oriente os TFG dentro das liñas ofertadas pero ó mesmo tempo ten como prioridade garantir ao alumnado o dereito a realizar parte do TFG en liñas vinculadas ás mencións (3 créditos) tal como se recolle na memoria do Grao. Hai que ter en conta que ás áreas (a maioría) implicadas na docencia de TFG na nosa Facultade son deficitarias, e non puideron asumir unha maior carga docente nesta materia segundo as instrucións dadas pola Vicerreitoría de Titulacións e PDI.

Q 1312/01

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna en relación co procedemento de pago de matrícula. No escrito expón:

Formalicé mi matrícula ONLINE, tuve que cancelar la matrícula por motivos económicos y se me notificó que debía pagar una tasa por trámites administrativos de 42,10€. Como no estaba conforme con pagar dicha tasa me acogí al derecho a poner un recurso potestativo ante el organismo que me

requería tal tasa, en este caso la Unidad de Gestión Académica de la Universidad, tal como se me informaba en la carta de pago.

La contestación al recurso me llegó hace unos 5 días, y se me denegaba lo que solicité. Por tanto, como buena no-alumna, realizo el pago de la tasa solicitada, con la última carta de pago que tenía. Unos días después llamo a la universidad y me informan de casualidad que esa tasa había aumentado en 30€ por retardo en el pago y que me mandarían la nueva carta de pago en unos días.

Me parece demencial que se nos dé el derecho a quejarnos y que acogiéndonos a ese derecho y esperando pacientemente durante un mes a la respuesta, encima deba pagar un recargo simplemente por culpa de la lentitud de los Servicios.

Ni siquiera he sido usuaria de la Universidad, únicamente, ONLINE, durante 17 días, pero me parece un abuso el trato recibido y la falta de consideración.

Así mismo, habiendo pagado los 42,10€ de la tasa de Anulación de Matrícula con el último recibo que tenía, solicito que se anule la tasa de recargo de treinta euros ya que yo estaba realizando lo que me dijeron que hiciese: ESPERAR. Si a mí me dicen, págalos y espera, sin duda lo hubiese hecho. Nunca me he visto perjudicada en una situación TAN ABSURDA. Pagar, pagar y pagar, por justamente, no poder pagar.

Admitida a queixa a trámite, solicitouse informe á Unidade de Xestión Académica sobre os aspectos que a motivan así como a qué concepto/s corresponden os 42,10€ pagados pola alumna, indicando que:

- O día 10 de setembro de 2013 a alumna presentou solicitude de matrícula nun máster universitario.
- O día 30 de setembro de 2013 solicitou a anulación da súa matrícula por motivos persoais.
- O día 30 de setembro de 2013 se lle concede mediante R. R. a anulación da mesma. Envíaselle tamén copia do pago das taxas administrativas (42,10€).
- O día 4 de outubro se lle volven a remitir, novamente con acuse de recibo e certificadas a resolución de anulación xunto coas taxas administrativas.
- Con data 29 de outubro presenta a alumna recurso potestativo de revisión, solicitando de non facer o pago das taxas administrativas.
- A carta de pago expedida tiña como período de pagamento do 22/10/2013 ata o 06/11/2013.
- Con data 19 de novembro de 2013 se resolve desestimando o recurso potestativo interposto pola alumna contra a Res. Rei. de 30/09/2013.
- O 28/11/2013 ao 13/12/2013 se lle expide de novo a carta de pago das taxas co recargo, por morosidade, dos 30€.
- Ela abona o día 2 de decembro de 2013 os 42,10€ correspondentes as primeiras taxas sen o recargo, nun impreso caducado (período de

pagamento que finalizaba o 06/11/2013. Anteriormente xa se fixera o recargo por morosidade con data 28/11/2013.

A alumna en todo momento foi atendida, tanto telefonicamente como por correo electrónico polo persoal da unidade.

Mediante conversa telefónica informan que os 42,10€ pagados pola estudante correspóndense cos conceptos:

- Secretaría (apertura expediente): 22,31€,
- Tarxeta Universitaria de Identidade (TUI): 4,79€
- Seguro Obrigatorio +28: 15€

Á vista do indicado solicítouse da Vicerreitoría de Estudantes Cultura e Formación Continua información resultando:

- No tocante ao proceso de emisión das TUIS para o estudantado da USC o procedemento é o seguinte: No momento de formalizar a matrícula, o alumnado é dado de alta nunha aplicación informática mediante a cal a USC lle comunica ao Banco os datos necesarios para a emisión das tarxetas.

Unha vez dado de alta na dita aplicación, todo o proceso de solicitude, emisión e recollida da tarxeta pasa a mans do Banco, proceso que debe iniciarse coa solicitude persoal do/a interesado/a nunha das sucursais situadas nos Campus universitarios, que é tamén onde deben recollelas pasados uns días.

Neste caso en particular, temos constancia de que esta alumna foi dada de alta no programa informático o 11/09/2013 e foi dada de baixa o 15/11/2013, debido a que anulou a matrícula que tiña formalizada na USC.

Como se explicaba anteriormente, todo o proceso restante ten lugar nas oficinas bancarias, descoñecendo se teñen algún mecanismo de rexistro do día exacto en que o alumnado se pasa a recoller a tarxeta. Non obstante, logo de consultar telefonicamente coa oficina do Banco, nos informaron que non tiñan constancia da emisión da tarxeta desta alumna, polo que cremos que non chegou a solicitála.

- No tocante ao tema da formalización do seguro escolar e da comunicación do mesmo á alumna, e logo de consultar co Servizo de Xestión Académica, parece ser que a alumna se matriculou no Máster (matrícula que anulou días despois). O seguro escolar queda formalizado no mesmo día da matrícula e no propio impreso resultante do proceso da matrícula, e do que o alumnado se queda un exemplar, se detalla un importe correspondente ás tarifas de secretaría, que se corresponden coa apertura do expediente, emisión e mantemento da TUI e seguro escolar.

De todas formas, ao ser este un tema máis propio da área da xestión académica, quizás podería obter unha información máis detallada na Secretaría Xeral.

En liña co indicado no último parágrafo, solicítouse informe á Secretaría Xeral, no que se expón:

“a) En síntese, a alumna desistiu da matrícula dentro dos prazos establecidos. Dado que as xestións da matrícula implican un custe, a convocatoria establece que a desistencia ou anulación dentro dos prazos permite a anulación da matrícula e a devolución dos prezos por servizos académicos, pero deben abonarse os prezos por servizos administrativos.

b) A interesada presentou o correspondente recurso por estar desconforme co pagamento das taxas administrativas. O recurso foi desestimado (é dicir instruído e contestado en trece días hábiles), xa que as actuacións foron correctas e de conformidade coa convocatoria de matrícula.

c) Debe indicarse que a presentación de impugnacións contra actos administrativos non suspende a súa eficacia (artigo 111 da Lei 30/1992, de 26 de novembro), polo que ao non facer efectiva a débeda nos prazos establecidos nin solicitar a suspensión do acto impugnado, iniciouse o procedemento de reclamación de impagados.

d) Respecto ao tema do seguro, todos os alumnos no momento de formalizar a matrícula teñen que abonar un seguro que cubra as súas contingencias, ben o seguro escolar ou o obrigatorio que establece a USC.

e) No caso do seguro obrigatorio a súa regulación está establecida no acordo do Consello de Goberno do 26 de xuño de 2009.

f) Debe destacarse que este seguro se esixe sempre que teña algunha relación coa universidade (por exemplo calquera actividade da USC, aínda que só sexa para examinarse de probas). No caso da queixa a alumna estivo matriculada dende o 10 de setembro ata o 4 de outubro, polo que procede á súa liquidación.

g) Por último indicar que os prezos de Secretaría son os fixados polo DECRETO 119/2013, do 18 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2013/14, e que están vinculados aos servizos prestados:

Tarifa terceira. Títulos e secretaría.

2. Secretaría

- a) Apertura de expediente académico ao comezar os estudos 22,31 €
- b) Certificacións académicas e traslados de expediente académico 22,31 €
- c) Expedición e mantemento de tarxetas de identidade 4,79 €
- d) Solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros 27,09 €

Por todo o anterior, consideramos que a actuación da USC foi correcta, a alumna se matriculou na USC e tal matrícula tivo actuacións administrativas que deben ser abonadas, e plenos efectos durante un tempo, polo que a liquidación efectuada é conforme á Convocatoria de matrícula.”

Á vista da información recadada é preciso facer as seguintes consideracións:

- Á alumna cóbranselle 4,79 € en concepto de *Expedición e mantemento de tarxetas de identidade*.
- A Secretaría Xeral indica que os prezos de Secretaría, entre os que se inclúe o de expedición e mantemento de tarxetas, son os fixados polo DECRETO 119/2013, e que están vinculados aos servizos prestados.
- Segundo o informe da Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua á alumna non se lle chegou a expedir a Tarxeta Universitaria de Identidade (TUI).

Por iso, recomendo que se lle reintegre o importe de 4,79 €, correspondente ao concepto de Expedición e mantemento de tarxetas de identidade, por non ter sido un servizo prestado pola USC.

A Secretaría Xeral confirma a aceptación da recomendación e comunica que se ten efectuado o reintegro do importe correspondente á TUI.

Q 1312/02

Queixa presentada por un alumno matriculado en estudos de Grao e en estudos de Máster ao que lle conceden a simultaneidade pero condicionada a que a matrícula non supere por curso académico o máximo de 75 créditos entre ambas titulacións, sen contar os créditos correspondentes ao Traballo de Fin de Grao ou de Máster, situación coa que esta desconforme.

A Secretaría Xeral comunica ter respostado o recurso presentado polo alumno desestimándoo pois o alumno non ten autorización de adaptación do itinerario curricular por recoñecemento de altas capacidades, nin consta que fixera tal solicitude. É cando se lle denega a simultaneidade de estudos de grao e máster oficial cando pide atención ás súas altas capacidades. Sendo que o recoñecemento

das mesmas debe realizarse ao inicio de curso para que se faga un itinerario curricular específico.

Q 1312/03

Foron presentados escritos de queixa en relación cun *Máster Universitario*:

- Dúas queixas referidas ás prácticas e ao desenvolvemento do Traballo Fin de Máster. *Expediente Q1312/03*
- Outra referida á calidade da docencia dunha materia. *Expediente Q1312/04*

Por outra banda tendo coñecemento que os presentadores das queixas dirixiron outras análogas á Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), solicitouse á Sra. coordinadora do Máster que nos enviara a resposta que dera ás mesmas.

A OAR remitiu a mencionada resposta aos presentadores das queixas, manifestando un deles a desconformidade e insuficiencia coa resposta obtida.

Por iso, *deuse traslado das queixas e de toda a información recadada á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador, para o seu coñecemento e por se considera oportuno efectuar algunha actuación ao respecto.*

Q 1312/04

Análoga á queixa anterior: Q1312/03

Q 1312/05

Presentado escrito de queixa por unha membro do PDI en relación coa cobertura interina dunha praza de profesor contratado doutor e a aplicación da *Normativa de Mobilidade entre Campus*.

O informe da Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador explicaba o seguinte:

1. A praza de profesor contratado doutor á que se fai referencia no escrito de queixa foi creada por acordo do Consello de Goberno, dentro do proceso de estabilización de investigadores do programa IPP 2007-2012, xunto a outras cinco prazas das mesmas características.

2. No momento da creación das mencionadas prazas examináronse tamén as peticións de mobilidade solicitadas polo profesorado das áreas afectadas, tal como correspondía en aplicación do artigo 8º.1.iii) da Normativa de mobilidade entre os campus de Santiago de Compostela e Lugo para PDI con vinculación permanente á USC, aprobada por acordo do Consello de Goberno do 21 de decembro de 2009. No caso da área, á que está adscrita a profesora, non houbo peticións de mobilidade polo que a praza creouse para o campus de Santiago tal como fora proposto polo Departamento.

3. Xa no ano 2013 o Consello de Goberno, na primeira das sesións extraordinarias, aprobou a saída a concurso dun contrato de substitución, modalidade de interinidade por vacante, para a cobertura provisoria da citada praza de profesor contratado doutor. Non se tomou, pois, ningunha decisión sobre a cobertura definitiva da mesma polo que non procedía asociar ningunha mobilidade a esta actuación. En todo caso, cómpre poñer de manifesto que esta Vicerreitoría non ten coñecemento de que se tivera presentado ningún recurso fronte ao acordado polo Consello de Goberno en relación con esta cuestión.

4. Con posterioridade o Consello de Goberno, acordou cambiar a adscrición de campus da praza de titular de universidade que ocupa a profesora, de Lugo para Santiago, co obxecto de corrixir o desequilibrio existente actualmente na ratio encargo/capacidade docente da área, motivo de mobilidade que recolle o artigo 8º.1.iii) da Normativa de referencia.

Q 1312/06

Presentada por un estudante usuario dos servizos de deportes da USC en relación coa aplicación de descontos nos prezos de actividades e instalacións deportivas.

O Sr. vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua xustificaba no informe remitido a aplicación dos descontos:

“Os/as usuarios/as do Servizo de Deportes da Universidade de Santiago, a efectos de tarifas (vixentes e aprobadas nos orzamentos de 2013) e de dereitos de acceso aos distintos programas da oferta deportiva, clasifícanse en tres categorías distintas. Para darse de alta no Servizo deberán acreditar pertencer a unha delas presentando a documentación que corresponda. No cadro de categorías, publicado na web e nos taboleiros do Servizo, figuran as subcategorías que as integran e os documentos xustificativos que deberán aportar.

En liñas xerais, a pertenza a unha ou outra categoría depende da vinculación e do interese da propia Universidade, así os membros da comunidade universitaria son da categoría A. As persoas maiores de 18 anos sen vínculo coa USC pertencen á categoría C. Á categoría B pertencen, entre outros, os "Alumnos de Bacharelato e ciclos de grao superior", entre os que están os alumnos do Ciclo Formativo de Grao Superior e os Alumnos de F.P. Grao Superior con acceso á Universidade. Os alumnos do Centro Superior de Hostalería de Galicia, ao que se fai mención, son considerados estudantes da USC por ser un Título Propio da nosa Universidade en virtude do convenio asinado entre dito Centro e a USC.

Polo que respecta ao alumnado da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo que, aqueles que estudan os Ciclos formativos de Grao Superior pertencen á categoría B, mentres que os que están a realizar as Ensinanzas Superiores, son da categoría C por ser estudantes de ensinanzas superiores alleas a USC.

Por todo o exposto e en virtude da información do Servizo de Deportes, non nós consta que existan precedentes, nin vetos, nin discriminación algunha, xa que o estudantado da Escola de Arte de Formación Profesional teñen as tarifas da categoría B en consonancia coa normativa vixente. A titulación á que fai mención o demandante estaría no mesmo caso que aqueles alumnos e alumnas que están a cursar estudos superiores en calquera das universidades do Estado.”

Q 1312/07

Foi presentado un escrito de queixa en relación coa *Convocatoria de Axudas a Programas de Actividades Estudiantís* no que se indica:

“O pasado 16 de decembro de 2013, publicouse a Convocatoria de Axudas a Programas de Actividades Estudiantís por parte da Vicerreitoría de Estudantes e Formación Continua da USC

Como vostede pode observar na devandita convocatoria que axunto, o punto 3 apartado j) das bases da mesma exclúen da convocatoria a aquelas asociacións que non presenten en galego unha serie de documentos; e no punto 4 apartado

c) obriga explicitamente ás entidades solicitantes a presentar estes documentos redactados en galego.

Aínda que o galego é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela, tal e coma recolle o artigo 3 dos seus estatutos; o castelán é tamén unha lingua oficial nesta Universidade; e o artigo 5 apartado 2 do Estatuto de Autonomía de Galicia establece a cooficialidade das dúas linguas, e no apartado 4 do mesmo artigo especificase que " Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua" ; o cal, ao meu parecer, está a ocorrer nesta convocatoria; xa que se está a obrigar a empregar unha das linguas oficiais, non dando a opción a empregar a outra."

Solicitado informe á Vicerreitoría de Estudiantes, Cultura e Formación
Continua, no mesmo indíce que:

1. A Convocatoria de Axudas a Programas de Actividades Estudiantís, publicada o pasado 16 de decembro de 2013 recolle, no pé da propia resolución, a posibilidade de interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte á súa publicación. O prazo para presentar o correspondente recurso aínda non rematou, e entendemos que antes de recorrer ao Valedor da Comunidade Universitaria deberíanse esgotar as vías administrativas. De ter presentado o correspondente recurso de reposición, obteríase unha resposta por parte do órgano convocante e, en caso de discrepancia, quedaría aberta a vía de queixa diante do Valedor e a vía xurisdiccional a través do recurso contencioso-administrativo.

2. A Universidade de Santiago de Compostela (USC), de acordo co establecido na Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, Lei Orgánica de Universidades, na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia e nos seus Estatutos, goza de autonomía para a realización das súas actividades.

3. Nos seus Estatutos, no artigo 3, a USC establece que "i. A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela" e que "ii. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá, no marco das súas competencias, accións que contribúan á normalización e ao desenvolvemento da lingua galega".

O Plan de normalización lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Claustro da USC o 16 de outubro de 2002 recolle, para o ámbito do estudantado, unha serie de obxectivos específicos, entre os que se atopa: "4.2.2.5 Favorecer o uso da lingua por parte do colectivo estudiantil. Medidas: . . .

4) Incentivar o uso do galego por parte das asociacións estudiantís"

4. A Convocatoria de Axudas a Programas de Actividades Estudiantís é unha das liñas de actuación que a USC, dentro da súa autonomía, ven desenvolvendo a longo dos últimos anos, e que este ano fixo pública o 16 de decembro de 2013, para estimular as iniciativas estudiantís encamiñadas ao desenvolvemento do

tecido asociativo, e que establece unha serie de axudas económicas para determinados programas de actividades.

Non se trata, polo tanto, de ningún dereito subxectivo, nin de ningunha actividade de obrigado cumprimento para a comunidade universitaria ou para un dos seus colectivos, senón dunha política de promoción do asociacionismo estudantil, que a USC decide levar a cabo.

5. A obriga dos solicitantes de presentar a documentación en galego xa se recollía na anterior convocatoria de decembro de 2012, pero non pode falarse de discriminación, senón que estamos diante dunha das políticas de promoción da USC, que nas súas bases recolle unha serie de requisitos que, do mesmo xeito que exclúe as axudas para publicacións de carácter cultural, podería optar por subvencionar unicamente as actividades desenvoltas en galego, pero que optou por esixir unicamente a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela nos documentos de solicitude, e por valorar no proceso de avaliación de solicitudes (ata un máximo de 10 puntos) o emprego da lingua galega nas actividades levadas a cabo polas asociacións solicitantes.

Q 1312/08

Foi presentado un escrito por unha estudante de 3º de Grao, en relación coa aplicación da R.R. de 3 de setembro de 2013 sobre simultaneidade de estudos entre titulacións adaptadas ao EEES. No escrito expón:

Soy estudiante de 3º y este año me he matriculado de 1º de otra titulación a través de la UNED con la intención de obtener una formación lo más completa posible. Sin embargo no he podido hacerlo puesto que, el apartado 5 del artículo 3 de la Resolución Rectoral del 3 de septiembre de 2013 sobre simultaneidad de estudios entre titulaciones adaptadas al EEES establece que "la matrícula total de los estudios que se podrán simultanear no superará conjuntamente los 75 créditos por curso académico, sin contar los créditos correspondientes al Trabajo de Fin de Grado o de Máster, en su caso". Teniendo en cuenta que un curso de grado equivale a 60 créditos quedarían 15, de los cuales mayoritariamente se podrían utilizar 12, correspondientes a dos asignaturas de formación básica u obligatoria que son las que se dan los primeros años de grado. A mi parecer dos asignaturas más por curso no es compaginar estudios, puesto que en los tres primeros años completos de un grado no se habría alcanzado siquiera un curso completo del otro grado.

Por este motivo le pido que tenga a bien considerar ampliar el número de créditos a la hora de simultanear estudios, especialmente para los casos de enseñanza no presencial ya que a los estudiantes que deseamos tener una formación académica más completa nos sería muchísimo más beneficioso y eso finalmente repercutiría en la sociedad futura.

A Oficina de Análise de Reclamacións informa que mediante resolución reitoral estimouse o recurso de reposición que tiña interposto a alumna, autorizando a simultaneidade de estudos do Grao na UNED co que estaba a cursar na USC.

Q 1312/09

Foi presentado un escrito de queixa por estudantes dunha Facultade en relación con distintos comportamentos e actuacións dunha profesora que inciden na calidade da docencia da materia que imparte.

Recibido o informe correspondente do Sr. decano da Facultade apréciase unha disparidade/contradición entre a información verbal, que segundo indica no informe, lle facilitou a profesora e o indicado polos 76 alumnos que asinan a queixa.

Por iso recomendouse que tanto o Departamento como o Decanato dentro das correspondentes competencias que teñen atribuídas ao respecto, fagan un seguimento no futuro dos distintos aspectos que inciden na calidade da docencia da materia que foi obxecto da queixa.

Q 1401/01

Presentado un escrito de queixa por unha estudante en relación co Programa Leonardo da Vinci para titulados da USC: Europracticum VII e motivada por un suposto déficit de información da convocatoria e trámites necesarios para efectuar a inscrición.

No informe solicitado á Vicerreitoría de Coordinación e Planificación do Campus de Lugo indicábase:

.../ que consultada a persoa do Dpto. de Europracticum á que vai dirixido o correo, infórmame que a alumna presentou a súa inscrición en Europracticum VII con data 28 de outubro, aceptando as normas de xestión. O proceso e as bases da convocatoria foron publicados de xeito detallado na páx. Web no mes de agosto. A reclamante superou os dous primeiros procesos de selección ao acreditar documentalmente o nivel de idioma, pero non superou o curso dado que

non asistiu nin á edición de Santiago nin á de Lugo. Nos requisitos publicados na web especificase que incluso no caso de adxudicación directa era necesario presentarse ao mencionado curso.

Á vista do expresado recoméndase que se faga un esforzo adicional, se cabe, para mellorar certos aspectos da convocatoria e da súa difusión, como podería ser a elaboración dun documento de convocatoria pública que recolla de xeito sistemático todos os epígrafes que aparecen desagregados na páxina web á que fai referencia (requisitos, inscrición, procesos de selección, idioma, curso, entrevistas), así as bases e requisitos da convocatoria aparecerían recollidas nun único documento.

Este documento serviría ademais como referencia á hora de informar ao estudantado, co fin de evitar posibles confusións ou ambigüidades na transmisión da información, como a que motiva a presente queixa.

Q 1401/02

Foi presentado un escrito por unha alumna de Grao no que indica que por conflitos xurdidos cun docente ten dirixido ao Departamento correspondente un escrito solicitando que lle asignen outro profesor para impartirlle docencia.

No informe solicitando ao respecto, o Departamento indica:

“Este escrito é continuación dunha longa disputa entre a alumna e o profesor, da que este Departamento só ten constancia indirecta, ao non ser parte interviniente no proceso. Os principais antecedentes da solicitude son, ata onde nós coñecemos, os seguintes:

maio 2013: a alumna solicita recusación do profesor para a materia, que se desestima.

xullo 2013: reclama contra a cualificación. A comisión acaba determina a repetición do exame e finalmente apróbaa.

decembro 2013: o profesor denuncia a alumna na materia. Apertura de expediente á alumna por falta leve, sancionada con amoestación privada.

22 xaneiro 2014: a alumna reclama contra a cualificación da materia, novamente impartida polo profesor. Reclamación en trámite.

Paralelamente a esta última reclamación, a alumna cursa perante o noso departamento a solicitude obxecto desta consulta, que remite tanto a través do Decanato da Facultade como a través do Valedor da Comunidade Universitaria.

Dada a complexidade do caso, o extraordinario do solicitado e a demanda de que se lle envíe resposta por escrito, nun caso que podería rematar nun proceso xudicial entre as partes enfrontadas, solicitamos informe á asesoría xurídica da USC, que nos indica o seguinte:

En relación coa solicitude de amparo da alumna, compre indicarlle:

“Primeiro.- Que o departamento debe cumprir cos procedementos de asignación de docencia segundo a normativa de aplicación, na que non se contemplan substitucións individuais dun profesor por outro mais que nos supostos de abstención e recusación consonte cos artigos 28 e 29 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.- Que por R.R., foille desestimada a recusación formulada contra o profesor.

Terceiro.- Que por R.R. de resolverse, coa consideración de falta leve sancionada mediante amoestación privada, o expediente disciplinario incoado pola actitude da alumna co profesor.

Cuarto.- Que o departamento non pode garantirlle que “no futuro non volte impartirme aulas o devandito profesor”, sen prexuízo do dereito que asiste a alumna de formular recusación contra o profesor en base a algún dos motivos de abstención do artigo 28 da antes citada lei de procedemento.

Quinto.- Os procedementos de recusación non son competencia do departamento senón que os resolve o reitor da Universidade.

Ese será o contido da resposta que se lle dará á reclamación da alumna”

Deuse traslado dos informes recadados á Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador informándolle ademais que a alumna xa acudiu ao Valedor no pasado curso, expoñendo distintos comportamentos/actuacións do docente e solicitando asesoramento sobre os seus dereitos, o que deu lugar á solicitude de recusación do profesor e á de revisión da cualificación. Tanto das súas testemuñas como doutras xestións realizadas, así como do contido dos escritos indicados parece desprenderse a existencia dun conflito sostido no tempo que convén atallar, por iso, na procura dunha solución definitiva, recomendo que se inicie a apertura dunha información reservada ao obxecto de adoptar as medidas correspondentes.

Con posterioridade a Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador comunica que a recomendación efectuada xunto con feitos postos en coñecemento da Vicerreitoría en relación co tema fixeron aconsellable abrir unha información reservada, co fin de adoptar, se procede, as medidas correspondentes.

Q 1401/03

Foi presentado un escrito de queixa por un membro do P.A.S. en relación co procedemento seguido para a aplicación dunha dedución económica nas retribucións do persoal da USC:

“Na nómina do mes de xaneiro de 2014 aparece unha dedución económica baixo o epígrafe "Medidas dedución CCAA de Galicia N1". Si ben dita dedución podía ser esperada presupoñendo unha posible formula de aplicación da Lei de Orzamentos de Galicia para o ano 2014, non se cumpriu nin o proceso de negociación sindical previo, nin a publicación da correspondente instrución por parte da Xerencia da Universidade, polo que considero ilegal a aplicación destes descontos até satisfacer os trámites previos.

O informe remitido pola Xerencia xustificaba a actuación indicando:

1. A Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, que consolida a redución de retribucións dispostas na Lei 2/2013, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2013.
2. A redución que se practicou o pasado ano tras as reunións celebradas os días 16, 22 e 29 de maio e o 5 de xuño, coa Mesa Conxunta de Negociación Sindical, constituída para o efecto.
3. A *Instrución IX/2013 relativa á aplicación da redución de retribucións dispostas nos artigos 37 e 38 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2013*, ditada pola Xerencia no uso das competencias atribuídas pola resolución reitoral do 1 de agosto de 2011, co obxecto de dar cumprimento ao mandato legal recollido na Lei 2/2013 e en aplicación dos criterios establecidos pola Consellería de Facenda.
4. Que a dita instrución está plenamente vixente xa que a Lei 11/2013 mantén a mesma minoración salarial salientando que: *"As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013"*, segundo está recollido no punto 2 do artigo 34 da lei 11/2013. O único que foi necesario facer foron adaptacións técnicas para que o Servizo de

Xestión de Persoal procedera a cumprir o mandato legal dende a entrada en vigor da Lei.

5. Que a USC fai a redución por imperativo legal, xa que o inciso final do apartado 3 do artigo 37 da Lei 2/2013 sinala: "*Esta redución seralle aplicable a todo o persoal conforme as súas retribucións íntegras anuais e independentemente da súa relación laboral e da aplicación orzamentaria coa que se financie.*"

6. Que nas reunións que mantivo a Xerencia o día 19 de decembro de 2013 coa Xunta de Persoal de PAS funcionario e co Comité Intercentros do PAS laboral, informou da consolidación da redución de retribucións para o ano 2014 porque xa figuraba no anteproxecto da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, e no mes de xaneiro de 2014, xa publicada a dita Lei, ás mesas de PDI.

A Xerencia, con data 13 de xaneiro de 2014, emitiu unha nota interna á xefa do Servizo de Xestión de Persoal que deseguido se transcribe:

"NOTA INTERNA RELATIVA AO MANTEMENTO DA REDUCIÓN DE RETRIBUCIÓN DISPOSTAS NA LEI 2/2013, DO 27 DE FEBREIRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PARA O ANO 2013, DE ACORDO CO QUE FIXA A LEI 11/2013, DO 26 DE DECEMBRO, DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2014.

A Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, DOG do día 26, regula no artigo 34, Capítulo IV do Título II, a autorización máxima dos custos de persoal das universidades de Galicia, que é a mesma que está recollida na Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, DOG do día 28.

O punto 2 do dito artigo 34 dí: "As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013".

A continuación o artigo 35, establece que: "O importe das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, se é o caso, lle correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor non experimentarán, na súa contía anual, ningunha variación respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013, sen.prexuízo de que sobre elas se practiquen os axustes precisos para acadar a retribución sinalada no artigo anterior".

Por iso infórmolle de que:

1. En consonancia co establecido no mencionado artigo 34, as retribucións do persoal ao servizo da USC non experimentarán no ano 2014, ningún incremento

respecto das vixentes a 31 de decembro de 2013, polo que seguirá sendo de aplicación a Instrución IX/2013 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela relativa á aplicación da redución de retribucións dispostas nos artigos 37 e 38 da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2013.

2. No entanto, por ser máis beneficioso para o persoal, modifícase o recollido no apartado TERCEIRO da instrución no seguinte senso:

a) No parágrafo segundo do punto 2

Onde dí: "A diferenza ata chegar ao importe total a descontar ratearase nas mensualidades que van de xullo a decembro, 6 meses".

Debe dicir: "A diferenza ata chegar ao importe total a descontar ratearase nas mensualidades que van de xaneiro a decembro, 12 meses"

b) No punto 3

Onde dí: "A minoración ratearase nas mensualidades que van de xullo a decembro, 6 meses"

Debe dicir: "A minoración ratearase nas mensualidades que van de xaneiro a decembro, 12 meses".

3. Así mesmo, a referencia que no apartado CUARTO se fai á Lei 2/2013, debe facerse a actual Lei de orzamentos 11/2013, e as que se fan ao ano 2013 deben facerse ao ano 2014".

Q 1402/01

Presentada por un estudante en relación coa supresión da convocatoria e concesión dos Premios extraordinarios na USC.

A queixa non foi admitida a trámite por entender que a concesión dos premios extraordinarios é discrecional, non sendo obrigatorio nin automático o seu outorgamento, como se indica na normativa:

1.- Número de premios

O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela poderá outorgar, dous premios extraordinarios por cada Grao e un por cada Máster Universitario Oficial, con independencia de que se imparta en un ou varios centros ou campus. No caso de cambio de adscrición de Centro, farana o Centro onde estivo adscrito o Máster en dito curso.

Este é un límite máximo e non é necesario que se cubran todos os premios.

O alumnado que acaden a titulación dende os cursos ponte ou por recoñecemento, adaptación ou validación de estudos, non poderán ser propostos para o premio ao non realizar a totalidade dos estudos.

O Centro poderá propoñer, ou non, a concesión de premios pero en ningún suposto se poderán acumular o número de premios vacantes para outros cursos académicos.

Respecto da solicitude de modificación da normativa que se formulaba, indícaselle que canalice a mesma a través dos seus representantes nos distintos órganos de goberno da USC.

Q 1402/02

Foi presentado un escrito de queixa por un alumno en relación co estado de deterioro do Campus Vida. No escrito expón:

“A USC presume do seu Campus Sur xa que consta coa distinción internacional Campus Vida. Máis esta distinción ao meu parecer non é merecida. Dende que son membro da comunidade universitaria (3 anos) as beirarrúas do Campus Sur non teñen unha soa baldosa pegada ao chan. Isto provoca que os días de choiva (case todos) se formen charcos debaixo delas e te molles ao pisalas. Ademais disto o Campus non debe contar (ou está mal deseñado) con un sistema de sumidoiros para as augas pluviais formando "riadas" por toda a estrada. Isto provoca que os peóns teñamos que cruzar de beirarrúas a beirarrúas empapándonos, se un coche anteriormente non o fixo xa que a estrada está asolagada con esa riada. Isto é vergoñento.”

A Dirección da Área de Infraestruturas da USC informou o seguinte:

“En relación á solicitude de informe polo Valedor da Comunidade Universitaria, Expte. N° Q 1402/02, relativo ao estado de conservación das beirarrúas e saneamento do Campus Vida, esta oficina informa que a rede viaria do Campus Vida están cualificados como espazos públicos, como así se recolle nos Plans Especiais de Ordenación do Campus dos anos 2001 e 2008, e como tales corresponde ao Concello de Santiago o seu mantemento e arranxo, habendo procedido este a executar traballos desta natureza no pasado ano, estando aínda zonas pendentes de que sexan arranxadas. Igualmente, informo que a rede de saneamento que discorre baixo o sistema viario do Campus é tamén pública e atópase en mal estado, principalmente as bocas de recollida de auga e os tramos de tuberías que discorren entre estas e o colector xeral, os cales se encontran invadidos polas raíces das árbores.”

Q 1402/03

Queixa presentada por unha estudante dun Máster en relación coa falla de coordinación dos procedementos de admisión nos programas de doutorado e os de solicitude de Axudas para Contratos Predoutorais para a formación de doutores.

Dende a Secretaría Xeral da USC informan que a equivalencia das titulacións vellas cos niveis do MECES é un tema de competencia do Ministerio. Nese intre estábase a tramitar un Real Decreto para establecer os niveis MECES dos títulos vellos.

Q 1402/04

Foi presentado un escrito de queixa por alumnos de segundo curso dun Grao en relación cos criterios de avaliación aplicados nunha materia. No escrito expoñen:

A nosa queixa ven motivada pola desinformación en canto aos criterios de corrección do exame da materia. Estes criterios de corrección mantivéronse ocultos por parte dos profesores da materia ata rematar os exames, de feito os alumnos fomos informados dos criterios de corrección do exame tras haber recibido as cualificacións.

Os alumnos teñen presentado reclamación ao respecto no centro.

Solicitado informe ao decanato, comunica ter realizado o correspondente procedemento de revisión de cualificacións, resolvendo a desestimación da reclamación dos alumnos por parte da Comisión de Reclamacións.

Q 1402/05

En relación cunha queixa presentada sobre a modificación de voto no procedemento para a concesión da mención de cum laude dunha tese de doutoramento.

Enviouse un escrito á Secretaría Xeral da USC dando traslado da mesma e no que ademais se sinalaba:

“.../ Por outra banda, en relación coa temática obxecto da queixa tramitouse unha análoga, Q1305/01, que rematou coa recomendación de data 29/05/2013, da que non se obtivo resposta e que indicaba:

“Ainda que efectivamente se recoñece a dificultade para que induzan á confusión os modelos establecidos para a realización do trámite obxecto da queixa, considero que non se debe desbotar a posibilidade de que nalgún momento se poida producir un erro, por iso recomendo que se estableza un protocolo de actuación que permita emendar ditas situacións coas debidas garantías xurídicas.”

A presente queixa volve así a incidir na mesma problemática, sen que se teña coñecemento de que a Universidade teña efectuado algún tipo de actuación ao respecto. “

Con posterioridade, recibíuse o correspondente informe da Secretaría Xeral da USC no que se xustifican os motivos da denegación e se informan das actuacións que se teñen realizado para intentar evitar situacións como a exposta na súa queixa:

“1.- Realizado o acto de defensa da tese de doutoramento pola interesada, os membros do Tribunal fixeron votación secreta sobre a concesión da mención de cum laude. Realizado o escrutinio en sesión diferente, a doutoranda non obtivo a cualificación “cum laude”, por non alcanzar o número de votos necesarios.

2.- O Presidente do Tribunal remite escrito co obxecto de subsanar un presunto erro cometido por un membro do Tribunal na concesión da nota de cualificación para a mención de Cum Laude. A Secretaría Xeral denega a modificación da acta ao entender que non existe erro material, senón un cambio no sentido do voto secreto realizado. A doutoranda presenta, recurso contra esta Resolución.

3.- O recurso foi resolto, e entre os fundamentos xurídicos se indica:

2.- SOBRE A EXISTENCIA DE ERRO MATERIAL:

Na resolución impugnada alegaba que no presente caso non se trata de realizar unha corrección dun erro material ou aritmético, senón que “...o que se pretende é modificar o sentido do voto, e ademais dunha votación secreta, da que non se coñece quen é o seu autor. A votación unha vez realizada e recontada non pode ser modificada xa que foi unha manifestación de vontade libre e non revogable, e menos unha vez coñecido o resultado das votacións.”

Fronte a esta consideración a recorrente alega que un dos membros do Tribunal “recoñece ter cometido un erro na votación” e este membro pensaba que a votación secreta “era para propoñer a tese ao premio extraordinario de

doutoramento”. Entende que tal erro é subsanable ao abeiro do artigo 105 da LRXAP-PAC por ser un erro material.

Do contido do expediente e das actas cubertas polos membros do Tribunal claramente se deduce que figuran nitidamente separadas as valoracións para a “mención cum laude” das valoracións para o premio extraordinario. Os 5 membros cubriron as dúas valoracións e nas actas figura claramente 4 votos “Si” e un voto “Non” .

Por tanto das actas non é posible inferir ningún tipo de erro, figurando claramente os votos realizados.

A corrección de erros “materiais” do artigo 105 da LRXAP-PAC debe utilizarse para subsanar erros claros e palmarios, deducibles do propio expediente, non para posibles erros en valoracións ou que requiren acudir a outras manifestacións de vontade alleas ao propio expediente.

Como ten declarado a Xurisprudencia,

-“Este procedimientto únicamente es admisible para rectificar omisiones o errores materiales, no declaraciones conceptuales...”

-“No hay posibilidad de rectificación en caso de duda o cuando la comprobación del error exige acudir a datos que no obren en el expediente”

- “No hay que olvidar que los errores de hecho se caracterizan por versar sobre un hecho, cosa o suceso, esto es, acerca de na realidade independente de toda opinión, criterio particular o calificación...”

4.- Respecto á Recomendación do 29-05-2013, o que se fixo foi, por unha parte modificar os modelos a cubrir para clarificar as votacións, e por outra revisar os casos nos que se pode apreciar erro. Deste xeito nos supostos nos que se pode deducir que foi un erro na cobertura dos modelos, a solicitude de corrección de erro foi estimada.

5.- Achégase a resolución do recurso, os modelos vellos e os modelos novos implantados en xullo de 2013.”

Q 1402/06

Queixa presentada por unha estudante motivada pola falla de coordinación entre bolsas convocadas pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación e Cultura.

Non foi admitida a trámite por entender que o exposto excede do ámbito de competencia do Valedor da Comunidade Universitaria, que se restrinxo ao ámbito

universitario. Comunicándolle que existen outros Comisionados que o abranguen como son o Valedor do Pobo e o Defensor del Pueblo.

Q 1402/07

Foron presentados tres escritos de queixa por estudantes en relación coa demora na expedición do título correspondente ao Máster Universitario que teñen cursado. En resume expoñen:

- Que a finais de xaneiro de 2011 defenderon o proxecto fin de máster na Facultade.
- En Febreiro de 2011 pagaron as taxas administrativas para a expedición do título.
- A data de hoxe (febreiro 2014) ningunha das persoas da promoción ten recibido o título nin o Suplemento Europeo ao Título solicitados.

O informe da Secretaría Xeral indicou ao respecto:

A implantación do novo módulo de títulos tivo un considerable retraso, e se ben estaba previsto para o segundo trimestre do ano 2013, non foi implantado ata finais dese mesmo ano.

A situación actuación da expedición de títulos é a seguinte:

-Máster RD 1393/2007:

2530 alumnos cargados na aplicación a finais da semana pasada, Destes, 401 alumnos cursaron máster con especialidades que non están dadas de alta no RUCT e que non se poden expedir ata que se proceda á súa inclusión.

En concreto e respecto ao Máster Universitario obxecto da queixa, trátase dun máster do RD 1393/2007 pendente de expedir. Como non ten especialidades estimamos que estará remitido ao MEC no prazo máximo de tres semanas.

Q 1402/08

Escrito de queixa presentado por unha usuaria dos servizos dunha Facultade en relación con actitudes de persoal do centro que entende de menosprezo e desconsideración.

O informe enviado polo Decanato da Facultade indicaba:

“1.- Os feitos que se describen na carta son rigorosamente falsos. Eu mesma estaba nese momento e nese lugar cando chegou esa persoa a informarse polo resultado da praza, convocada na Facultade e en todo momento fun testemuña de como a Secretaria do Decanato respondeu a todas as preguntas e lle facilitou toda a información solicitada.

2.- Nesta Facultade e en concreto neste Decanato, sempre se facilitou todas as peticións feitas tanto por estudantes, como por profesores e público en xeral. Por tanto e como Decana do Centro non consinto que se poña en cuestión a profesionalidade desta funcionaria en particular e de todos os traballadores da Facultade.”

Q 1402/09

Queixa presentada por unha alumna en relación co proceso realizado dende a Facultade que implica que non poderá realizar e superar unha materia práctica, da que estaba matriculada, asignándolle a cualificación de suspenso.

Recádanse informes do Centro, que xunto con documentación aportada pola alumna son remitidos á Secretaría Xeral da USC para que efectúe as actuacións que correspondan co fin de minimizar os prexuízos ocasionados á alumna.

A Secretaría Xeral comunica que ten resolto favorablemente o recurso de reposición interposto pola alumna e en consecuencia dáselle plena validez á matrícula formalizada co dereito a ser cualificada segundo os criterios establecidos na programación da materia.

Q 1402/10

Presentado un escrito de queixa por estudantes dunha Facultade en relación con actitudes e comportamentos sexistas do persoal dunha empresa onde realizan as prácticas dunha materia.

O Sr. decano do centro emite un informe comunicado as actuacións que ven de realizar co fin de eliminar a problemática descrita polo alumnado:

- As queixas remitidas foron reenviadas aos profesores da materia aludidos nos escritos, ao mesmo tempo que se lles convocou a unha reunión co Decano e a Vicedecana de Ordenación Académica e Estudiantes da Facultade.
 - Na reunión cos profesores, estes expresaron a súa opinión rebatendo ou matizando as queixas expresadas polos alumnos. Ditas opinións concrétanse en sendos escritos que lle achego con este informe.
 - Concertamos unha reunión coa dirección da empresa onde se celebran ditas prácticas. En dita reunión expuxémoslles os feitos, solicitando a súa colaboración para a solución dos mesmos. A dirección da empresa expresou a súa sensibilidade cos temas expostos, e incidiu na mellor coordinación das prácticas en termos fundamentalmente de Seguridade e Sistemas de Calidade. A empresa comprometeuse a remitirnos un escrito coa proposta de normas a seguir no desenvolvemento futuro das prácticas nas súas instalacións.
 - Finalmente o Decano e Secretario da Facultade convocamos unha reunión coas alumnas que presentaron os escritos no centro e que acudiron en representación do colectivo que formalizou as queixas. Expuxéronse todas as actuacións levadas a cabo, e se escoitaron de primeira mao as súas inquedanzas. Dando por boas as explicacións e as solucións propostas de maior control das prácticas da materia, quedou aclarado o tema sen máis demanda pola súa banda.
- Consideramos que con estas actuacións deuse curso ao proceso iniciado polas queixas recibidas, establecéndose o compromiso mutuo dunha maior coordinación e vixianza das prácticas desa materia e que se desenvolven no seo da empresa.

Q 1403/01

Foi presentado un escrito de queixa por unha estudante en relación con distintos aspectos dun Máster, e máis en concreto sobre o proceso de asignación e desenvolvemento das prácticas externas.

Solicítase un informe á Coordinación do Máster e á vista do exposto no mesmo pódense facer as seguintes consideracións:

- En primeiro lugar agradecer á Sra. coordinadora do Máster a súa colaboración na elaboración do prolixo e detallado informe que ten enviado.
- E indicar que dende a organización do Máster teñen comunicado de xeito reiterado as características e especificidades do mesmo e dos procedementos

obxecto da queixa: asignación dos traballos fin de máster e das prácticas externas.

- Dita información tense producido de xeito oral.
- A propia Coordinación do Máster no seu informe recolle a dúbida de que os alumnos nalgún momento non tiveran comprendido o procedemento e efectuou actuacións para intentar corrixir a situación (21 de xaneiro de 2014) e o delegado de alumnos solicita información/aclaración ao respecto (8 de xaneiro de 2014).

Por outra banda a Coordinadora no apartado octavo do seu informe indica: “Es cierto que no se le dio a los estudiantes un plazo para propiciarlas con el fin de que disfrutaran de cierta flexibilidad desde la fecha en que se les invitó a que lo hicieran: a principios del curso académico.”

Por iso recomendo que:

Independentemente de que se siga mantendo unha información oral sobre os distintos aspectos de organización e características do Máster, se faga unha programación escrita dos mesmos, na que se recolla na medida do posible todos os aspectos referidos ao TFM e Prácticas Externas, que sirva como soporte documental ao alumnado. Sen prexuízo da flexibilización posterior que poida aplicar a Coordinación en función do desenvolvemento e problemas que poidan xurdir no proceso.

Q 1403/02

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna manifestando que non pode superar a parte práctica dalgunhas materias porque non lle permiten efectuar as prácticas nos servizos correspondentes de hospital que lle son asignados a tal efecto.

Dáse traslado da queixa á Secretaría Xeral da USC.

Q 1403/03

Queixa presentada por un alumno matriculado nun programa de doutoramento e referida a unha solicitude de renuncia de matrícula e devolución de prezos públicos.

Informan ter desestimado o recurso de reposición que tiña interposto porque:

“O alumno alega que se lle denegou a bolsa predoutoral para que se lle anule a matrícula fóra dos prazos establecidos e se lle devolva o importe dos prezos públicos aboados. A este respecto indicar que non se considera o alegado motivo excepcional ou de forza maior que xustifiquen a actuación da administración fóra dos prazos establecidos, xa que o alumno era coñecedor da posibilidade de tal denegación, co que dispuxo de información suficiente para matricularse ou non na titoría anual de doutoramento.”

Q 1403/04

Foi presentado un escrito por un membro do persoal xubilado pertencente ao PDI en relación coa denegación da prórroga no servizo de correo-e e acceso á rede wifi desta Universidade.

Efectuáronse seguintes actuacións:

- Mantívose unha entrevista coa Sra. secretaria xeral da USC para expor o tema obxecto da queixa.

- Solicitouse información da Secretaría Xeral da USC, na que se indica que o Sr. xefe da Área de Tecnoloxías de Información e Comunicación expón que se establecera un criterio no que nestes casos non se incluían no colectivo de xubilados con dereito ao correo, ao ser a súa vinculación laboral principal a do SERGAS. Dar o servizo excepcionalmente implicaba un agravio comparativo respecto ás persoas que ata o momento non se lles concedera. Expresando ademais que tal e como figura na Normativa “Terán a consideración de xubilado todo o Persoal Docente e Investigador (PDI) e o Persoal de Administración e Servizos (PAS) que sendo empregado/a da

USC acadara a xubilación por idade ou enfermidade”. O vínculo principal dos asociados de CC. da Saúde o é co SERGAS.

- Solicítase un novo informe ao Servizo de Xestión de Persoal da USC sobre a súa vinculación laboral coa Universidade e a situación pola que causa baixa na mesma, obtendo a seguinte información:

Que D. ... asinou diversos contratos como persoal docente e investigador coa Universidade de Santiago de Compostela, asinando o seu derradeiro contrato o 4 de maio de 2012 como Profesor Asociado de Ciencias da Saúde (régime xurídico PDI laboral), contrato que foi prorrogado para o curso 2012/2013.

Con data 14 de xaneiro o Servizo Galego de Saúde, a través da súa xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela confirma a baixa no servizo activo por xubilación.

O concerto entre a USC e o SERGAS establece que "os profesores asociados cesarán como tales cando, por calquera motivo, causen baixa na praza asistencial correspondente".

En consecuencia, tendo en conta que o interesado cesou por xubilación no SERGAS, a Universidade de Santiago de Compostela procedeu a extinguir a relación laboral que o vinculaba con esta institución.

Así pois da información recadada pode desprenderse que a relación laboral coa USC extínguese automaticamente ao cesar por xubilación no SERGAS, polo que non ten a consideración de persoal xubilado da USC, e por iso non ten dereito á prestación de servizos ao PDI e ao PAS xubilados na Universidade de Santiago de Compostela.

Q 1403/05

Queixa presentada por un docente en relación coa demora na expedición dunhas certificacións.

O informe do Sr. director da Área de Tecnoloxías da Información e a Comunicación da USC expón os motivos da demora e a previsión de data de emisión dos certificados:

“A solicitude de certificación cóstanos recibida a través do CETA.

Durante os últimos meses produciuse un proceso de revisión dos criterios e procedementos a aplicar no proceso de certificación do uso da plataforma entre o CETA e a Área TIC. Estas circunstancias, unidas á carga de traballo soportada na área TIC, e ao feito de que os procesos de emisión de certificacións non están automatizados, fixo que se acumulase un importante atraso na emisión manual destas certificacións nos últimos seis meses.

As peticións están sendo atendidas segundo orde cronolóxico de chegada á área. Neste momento o atraso supón estar emitindo certificacións de peticións recibidas nos primeiros días do mes de xaneiro de 2014, polo que a certificación solicitada polo profesor será tramitada nos próximos días.

Dende o mes de xaneiro a Área TIC está traballando nun sistema que automatizará a emisión destes certificados, e permitirá que os docentes poidan descargar directamente estas certificacións asinadas electronicamente dende a plataforma virtual. Está previsto que dito sistema empece a funcionar a partir do 1 de maio de 2014.”

Q 1403/06

Queixa na que un estudante manifesta unha posible discriminación entre licenciados e graduados para a obtención da acreditación do nivel B1 no coñecemento dunha lingua estranxeira, e no que entre outras cuestións indica que aos alumnos de grao, só por estar de estancia erasmus se lles valida o nivel B1 de inglés.

Infórmasele o seguinte:

- O tratamento diferenciado de graduados e licenciados nese aspecto é o correspondente aos distintos planos que regulan os seus estudos, con distintas obrigas e características.
- Os alumnos de grao poden acreditar o nivel B1 dunha lingua estranxeira a través de calquera dos procedementos establecidos no Acordo de Consello de Goberno do 31 de outubro de 2013 de *Recoñecemento de niveis de coñecemento de idioma e acreditación do coñecemento de lingua estranxeira para a obtención do título de Grao* no que se en concreto se indica:

f) Os alumnos que participaran en programas de mobilidade en universidades estranxeiras e que se lles incorporará no expediente unha vez finalizado o

programa de mobilidade dun curso académico, o recoñecemento do nivel B1 no apartado “outros estudos”, sempre que estea acreditados ambos extremos.

- Ten que ter en conta que previamente para poder participar nun programa Erasmus o alumnado ten que superar a proba B1-A, así pois a superación de dita proba máis a estancia erasmus, é dicir o cumprimento de “ambos extremos”, é o que permite acreditar o nivel B1.

Por iso non se admite a trámite como unha queixa o escrito, por entender que non se produce discriminación entre estudantes en función dos estudos que están a cursar, senón diferenzas propias das características de ditos estudos.

Q 1403/07

Queixa referida á docencia dunha materia nun Máster.

Non se admite a trámite pois o presentador da queixa non consta que sexa membro da comunidade universitaria ou persoa afectada por unha actuación universitaria.

Q 1403/08

Presentada por unha alumna de Grao en relación coa aplicación do sistema de avaliación nunha materia.

Admitida a queixa a trámite solicitouse informe ao respecto, remitindo o profesor da materia o seguinte:

1. En efecto, a programación da citada asignatura establecía a asistencia a clase como un elemento a considerar (5%) dentro do apartado de avaliación continua. Pero, primeiro, as sucesivas incorporacións de alumnos procedentes doutras titulacións, de intercambios exteriores (Erasmus, sicue, etc), provoca que, na práctica ata finais do mes de outubro non dispoñamos de datos "definitivos". Segundo, o tamaño dos grupos interactivos sitúase por encima de 40 alumnos, o que significa que pasar un estadiño para que os alumnos firmen, comprobar que ningún firme por outra persoa, etc, supón en torno a 15-20 minutos que, evidentemente réstanselle á clase.

Por todo isto, decidín conceder a todos os alumnos que non habían renunciado á

avaliación continua, suposto este (refírome a renuncia a avaliación continua), que se concentra en alumnos, fundamentalmente repetidores, que prefiren a avaliación única, que ten en conta, tan só, o exame final, o citado medio punto.

2. Para facilitar a superación da materia ofrecín a posibilidade de realizar 2 probas compensatorias, non liberatorias como afirma a alumna, baseadas nos seguintes criterios: alcanzar nos 2 exames unha suma de 10 ou máis puntos, sendo posible suspender 1 proba, pero non por debaixo de 3,5 puntos. Estes detalles foron expostos na clase de presentación da materia, como pode corroborar calquera alumno.

Precisamente polo método seguido non considere preciso, y si me apuro, nin convinte, publicar as notas do primeiro sondeo. Hai que lembrar que o segundo exame realizouse o último día lectivo do cuadrimestre.

Xa en xaneiro de 2014, iso si, poucos días antes do exame final, publícase no taboleiro una lista cos alumnos que habían liberado a materia e, polo tanto, non tiñan que acudir a proba final oficial. Nese listado xa estaba calculado, aínda que non explicitado, o valor das distintas intervencións, traballos realizados e presentados polos alumnos, etc, nunca de modo indirecto como afirma a alumna. O que si é certo e que en distintas ocasións comentei que, en xeral, existía una determinada correlación entre a nota obtida polo alumno nos exames tradicionais, e a cualificación acadada no segmento de avaliación continua. E dicir, manifestei un dato, unha realidade, non un sistema en sí de avaliación.

De tódolos xeitos considerando que había existido pouco tempo entre a publicación dos datos globais do curso (aprobado por curso/ter que ir ó exame final) e a realización do exame oficial, ofrecín outra data para esta proba uns días despois, sendo esta (e isto tamén e un dato) a opción escollida por moi poucos alumnos, realizando a maioría a proba o día que estaba indicado con anterioridade.

Por último, en relación ca miña suposta negativa a ensinar os exames realizados, non estou en absoluto de acordo. Isto o poden corroborar outros compañeiros. A transparencia é un dos meus principios. Outra cosa moi diferente é que un día determinado un alumno suba ao meu despacho, incluso a fecha establecida para a revisión do exame final, e se lle diga que veña noutro momento para revisar probas anteriores, dado que nesa sesión o fundamental é realizar a supervisión dos exames finais.

Á vista do exposto pódense facer as seguintes consideracións:

En primeiro lugar valorar como positivo o esforzo do profesor da materia por adaptar distintos aspectos dos criterios de avaliación publicados, ás circunstancias e problemáticas xurdidas no desenvolvemento do proceso de avaliación, como poden ser:

- O recoñecemento do 5% de asistencia a todo o alumnado acollido á avaliación continua.
- A oferta de realización doutra proba posterior á data prevista na convocatoria do exame oficial da materia.

Por outra banda, do exposto na queixa e no informe do profesor, aprécianse certas actuacións que se poden considerar non conformes coa aplicación da *Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes* que a tal efecto ten aprobada a USC:

(<http://www.usc.es/export/sites/default/gl/normativa/descargas/resavarenacaestrevcu a11.pdf>)

E en concreto convén resaltar o seguinte articulado de dita Normativa:

Artigo 2. Funcións da avaliación.

2. Os estudantes debe ser informado con exactitude e coa suficiente antelación sobre os criterios e métodos de avaliación, así como o tipo e número de exames ou actividades formativas avaliáveis.

Artigo 3. Criterios de avaliación.

1. Os criterios de avaliación deberán ser públicos, coherentes cos obxectivos e metodoloxía da materia, e formativos.

2. Os estudantes serán avaliados unicamente de acordo cos criterios que figuren de forma explícita na programación da materia ou guía docente.../

Artigo 7. Comunicación de resultados da avaliación.

1. Os estudantes teñen dereito a coñecer os resultados das probas parciais e finais que realicen, segundo o sistema de avaliación previamente establecido, nun prazo razoable que, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas ante a dirección do centro, será inferior a 15 días naturais desde a data de realización da proba. Tales resultados deben coñecerse con suficiente antelación, e nunca con menos de tres días antes da realización dunha nova proba ou convocatoria de recuperación.

Artigo 8. Revisión de cualificacións.

1. O alumnado terá dereito de acceso aos seus propios exercicios, e o dereito á revisión das cualificacións tanto parciais como finais na súa presenza, nas datas

e horarios que para tal efecto se deberán fixar no momento de facer públicos os resultados provisorios.

Por iso, recomendo que se adopten as medidas necesarias para que se faga efectiva a aplicación da Normativa de Avaliación en todas as probas: parciais e final, da materia obxecto da queixa.

Q 1403/09

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna de Licenciatura en relación co proceso de información sobre o “*Apoio Titorial Extraordinario*”. No escrito indicaba:

Quédame para rematar a Licenciatura tres materias, unha das cales tiven que cursar por Grao e se dividiu en dúas, que unha teño aprobada.

Faláronme do “Apoio titorial extraordinario” e fun a UXA informarme. Alí dixéronme que lera as bases na web pero que si tiña dereito a elas. Non conforme co que alí me dixeron chamei tamén por teléfono e un chico afirmoume que si tiña dereito a elas.

Ademais unha compañeira que foi facela inscrición antes, díxome que no reverso da folla de inscrición poñía que en plans vellos se podía ter ata tres materias pendentes a cal era a miña situación.

Dado que todo indicaba que podía inscribirme acudín a Santiago a facela o xoves 13 de marzo.

O xoves 20 recibín a negativa do Departamento por non cumprir os requisitos da convocatoria, quédanme máis de 18 créditos computables; púxenme en contacto co departamento e eles dixéronme que non aparecía na lista que non me podían facer nada, incluso enviei unha foto do resgardo de inscrición onde pon o das 3 materias e o secretario púxose en contacto cos da UXA e dixéronlle que os impresos eran antigos.

Admitida a queixa a trámite solicitouse informe ao Sr. xefe da Unidade de Xestión Académica, no que se indica:

A alumna presentou a súa solicitude de Apoio Titorial Extraordinario para o curso académico 2013/2014 no segundo período con data 13 de marzo de 2014.

Os requisitos e procedemento para acollerse a este sistema extraordinario están contemplados na Convocatoria de Apoio Titorial Extraordinario de data 01/08/2013.

A alumna de acordo coa citada convocatoria non reuniría os requisitos xa que se establece un máximo de 18 créditos pendentes para rematar a Titulación e a ela réstanlle 30 créditos .

Aínda que realizou a súa petición nun modelo de solicitude que non é o do actual curso académico (as 3 materias que se indicaban no dorso da solicitude eran referidos a planes non estruturados en créditos), que non é o seu caso.

Indicar que na UXA non resolvemos as solicitudes de apoio titorial extraordinario, as presentadas polos/as estudantes na Unidade as transferimos para os Departamentos, quen as resolve é o XOPRA.

Da anterior información poden extraerse as seguintes consideracións:

- A alumna non reúne os requisitos para acollerse ao sistema de avaliación do Apoio Titorial Extraordinario.
- A UXA non resolve solicitudes de Apoio Titorial Extraordinario, pero si informa e entrega documentación ao respecto.
- En relación á transmisión de información púidose ter producido unha transmisión errónea de forma oral, de difícil constatación, máis si se constata que se produciu de xeito escrito mediante o emprego e entrega de modelos de solicitude que non se corresponden cos establecidos na Convocatoria de Apoio Titorial Extraordinario de data 01/08/2013.

Por iso recomendo:

- *Que se adopten as medidas necesarias para que non se empreguen modelos de solicitude obsoletos e que poden inducir a erro ao estudantado.*
- *Que se estude a posibilidade de analizar o procedemento empregado nestes casos ao obxecto de simplificalo e axilizalo.*

Dende a Secretaría Xeral da USC informan que se distribuíu nas UXAS o novo modelo de instancia de Apoio Titorial Extraordinario, así como a presente recomendación para o seu cumprimento.

Q 1403/10

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna de Grao en relación co acordo da Comisión de Prácticum e TFG da Facultade polo que se lle imposibilita levar a cabo o Prácticum no curso actual e se cualifica como Non Presentado.

Con posterioridade a alumna informa que o centro emendou a súa resolución e lle permitiu a realización do Prácticum.

Q 1404/01

Presentada por dous membros do PDI en relación coa distribución de espazos nunha área dunha Facultade.

Solicítase informe á Sra. decana, que explica as actuacións realizadas e comunica ter enviado copia do informe á Vicerreitoría de Economía e Infraestruturas da USC.

Dita Vicerreitoría informa do seguinte:

“Que no momento de proceder ao equipamento da Facultade e dados os escasos recursos económicos dispoñibles, esta Vicerreitoría solicitoulle a Sra. Decana que se encargara de establecer o equipamento mínimo necesario para satisfacer as necesidades docentes e de investigación.

Na fase final de colocación do equipamento a Decana da Facultade comunicou a Vicerreitoría que xa se procedera a dividir cun tabique un dos espazos, dedicando unha parte a laboratorio para a Área e outra para actividades comúns da Facultade (equipándose só a parte dedicada a laboratorio), baseando a súa decisión no feito de diminuír o número de profesores de dita Área.

Desde esta Vicerreitoría, unha vez vistos in situ os locais, considerouse que os m² asignados á Área, en base ao número de profesores integrantes da mesma, superaban a media dos m² por profesor na USC.

En calquera caso, si a Xunta de Facultade do Centro considera que debe asignarse todo o espazo a dita Área, a vicerreitoría non ten nada que obxectar dado que é unha competencia do centro.”

Q 1404/02

Foi presentado un escrito de queixa por un estudante e motivada polo trato dispensado por un membro do Persoal de Administración e Servizos dunha Facultade.

No informe que lle foi solicitado ao respecto, o Sr. decano da Facultade indica, entre outras cuestións, o seguinte:

Segundo.- Para comprender o contexto no que se produciron os feitos, cómpre ter en conta que os sábados a Facultade abre ordinariamente ó público en horario de 9,00 a 14,00 horas, pero moitos sábados abre tamén polas tardes porque as aulas se ceden para a realización de actividades extra-académicas.

Aínda que en principio esas tardes de sábado a apertura do centro se restrinxen ós participantes nas actividades que motivan a apertura fóra do horario habitual, dende este Decanato, de acordo co persoal de conserxería, tolérase o ingreso na Facultade das persoas que teñen chave dos distintos locais e despachos da mesma (profesores, investigadores en formación, representantes dos alumnos con local no centro, membros dos institutos e centros de investigación con sede no centro...). Malia o anterior, o persoal de conserxería debe ter coñecemento dese ingreso na Facultade fóra do horario ordinario de apertura, para que poida adoptar as debidas medidas de control e de seguridade, tanto no acceso como no momento do peche do centro, unha vez rematadas as actividades extra-académicas que se estean a realizar nas aulas.

Terceiro.- Polo que se desprende dos feitos relatados na queixa e na conversación mantida co Sr...., neste caso o que sucedeu foi que os alumnos implicados, por non ter coñecemento das limitacións coas que Facultade abre os sábados pola tarde, non informaron ó persoal de conserxería da súa presenza no centro, provocando o enfado do conserxe. Evidentemente, isto non é excusa da maneira na que foron tratados, que non resulta aceptable e non se pode repetir, pero debe valorarse tamén o recoñecemento espontáneo por parte do Sr. ... do excesivo do seu comportamento, que el mesmo atribúe ao seu carácter vehemente, e a súa disposición a pedir desculpas.

Á vista do expresado no escrito de queixa e no informe do Sr. decano da Facultade, *recomendo que por ese Decanato se efectúen as seguintes actuacións:*

- *Con carácter xeral, se informe aos potenciais usuarios da Facultade fóra do horario habitual, do protocolo de actuación que teñen que seguir, na procura de evitar situacións como a que motiva a presente queixa.*
- *E no caso en particular, se promova unha actuación conciliadora entre as partes, de xeito que o alumno presente as súas excusas ao conserxe polo descoñecemento das limitacións de apertura da Facultade os sábados pola tarde e a súa inacción ao respecto, e por outra banda o membro do Persoal de Administración e Servizos obxecto da queixa pida as correspondentes*

desculpas por unha actitude impropia dun empregado público, que non se pode xustificar co seu carácter vehemente nin amparar no incumprimento da debida actuación do alumno.

- *Advírtase ao Sr. ... que a reiteración de actuacións desta natureza pode dar lugar a medidas de carácter disciplinario.*

Q 1404/03

Presentada por unha PDI en relación cun suposto erro na asignación do préstamo dun libro que se lle reclama.

A Sra. directora da biblioteca do centro informa que ten recibido unha nova comunicación da profesora solicitando a retirada da queixa, ao comunicarlle verbalmente dende a biblioteca que o erro cometido foi rectificado.

Q 1404/04

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna da USC usuaria dunha biblioteca. No escrito de queixa indica que extraviou a Tarxeta Universitaria de Identidade (TUI) o que lle imposibilita o acceso á biblioteca, non estando permitido/contemplado ningún sistema alternativo á TUI para a acreditación da condición de membro da comunidade universitaria aos efectos de facer uso da citada biblioteca.

O informe da Dirección da Biblioteca indica:

1. Dende o mes de maio de 2013 a Universidade de Santiago pon en funcionamento o novo sistema de acceso á Biblioteca, mediante tornos de entrada/saída.
2. A razón principal que levou á implantación dos tornos foi que accederan unicamente aqueles usuarios recoñecidos como tales na normativa, e buscar unha solución ás queixas continuas destes polo acceso de alumnado de ensino medio e opositores coa conseguinte redución de prazas para os primeiros.
3. Por parte das autoridades académicas comunícase a todos os centros e servizos para que o difundan, pois a partir desa data será necesario acceder a esta biblioteca mediante a tarxeta TUI, sistema deseñado pola Área de

Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (ATIC), o mesmo que o empregado no acceso a outros edificios da USC.

4. A solicitude de tarxeta por parte de estudantes matriculados en titulacións oficiais, faise na oficina do seu campus do Banco, levando unha fotografía e cubrindo o formulario correspondente.

Por todo isto quixeramos facer as seguintes, CONSIDERACIÓNS PREVIAS

1) As persoas con vinculación en vigor coa USC pertencentes á categoría de: • Estudantes • PDI • PAS • Investigadores • Bolseiros • Xubilados • Colaboradores Docentes que cumpran os requisitos para seren considerados como tales (matrícula en vigor, contrato de duración superior a seis meses, etc.), poderán activar de xeito automático a súa tarxeta nos Puntos de Información Universitaria (PIU), un dos cales está situado nesta biblioteca.

2) O resto de persoas que teñan dereito a seren considerados usuarios da Biblioteca Universitaria, deberán xestionar o permiso de acceso directamente no mostrador de atención ao público da Biblioteca. Segundo a normativa de préstamo da BUSC, concederáselles directamente, sen facer ningunha solicitude (previa acreditación da súa pertenza a algún destes tipos) aos seguintes tipos de solicitantes:

1. Licenciados/Diplomados/Graduados universitarios con residencia en Galicia
2. Alumnos doutras universidades
3. PAS doutras universidades
4. Profesores /Investigadores doutras universidades
5. Membros de asociacións ou colectivos que teñen asinado acordos coa use (ONCE ou Colexio de Avogados, por exemplo)

3) Cun mes de antelación ao inicio de funcionamento de control de acceso en cada período, avísase por distintos canais da necesidade de comprobar o estado da súa TUI, coa finalidade de que soliciten nas oficinas bancarias unha nova, en caso de perda ou mal funcionamento.

CONCLUSIÓNS

Polo antedito, todos os membros da comunidade universitaria teñen que dirixirse ás oficinas bancarias para solicitar unha nova tarxeta, sexa por extravío, roubo ou mal funcionamento. Segundo información da ATIC e do propio banco, dende a solicitude ata que se recibe, pode transcorrer unha media de 20 días. Se é un duplicado por perda, roubo ou extravío, 10 días aproximadamente.

Na mañá do luns día catro, convocoume a Sra. Xerenta, xunto coa directora da BUSC e o director da Área ATIC, co fin de analizar a casuística que está a acontecer e a constancia das moitas queixas que está ocasionando o acceso á biblioteca con este procedemento. Dado que na biblioteca só se atenden os

casos de usuarios sen tarxeta alleos á USC, nesa reunión acordouse asumir tamén a emisión de tarxetas provisionais no caso de tarxetas avariadas, polo elevado número de incidencias, e que está a provocar un prexuízo a aqueles usuarios que teñen dereito de acceso, e que non poden facelo por razóns alleas a eles, pero nunca se emitirán tarxetas provisionais no caso de olvidos ou de non ter a TUI, tendo que dirixirse, insisto, ás oficinas bancarias.

Q 1405/01

Foi presentado un escrito de queixa por unha alumna residente nunha Residencia Universitaria en relación co servizo de xardinería. No escrito expoñía que os operarios do mencionado servizo que se ocupan da zona realizan a súa función cada semana, durante 3 días, ó longo de toda a mañá coa maquinaria correspondente o que ocasiona ruído que impide realizar tarefas de estudo ou descanso de xeito adecuado.

No informe solicitado ao respecto, o Sr. director da Área de Infraestruturas da USC indica o seguinte:

“En relación con la queja de la residente en relación al ruido producido por el servicio de jardinería, he sido informado por este de que los trabajos de mantenimiento ordinario no duran más que una mañana. Suponemos que esta queja está motivada por los trabajos de poda de los árboles existentes de la fachada sur, los cuales duraron efectivamente una semana. Su ejecución no se realiza todos los años y se efectúa sin pausas para no pagar más por el alquiler de la máquina elevadora.”

Así pois á vista do exposto cabe facer as seguintes consideracións:

- Os edificios do Sistema Universitario de Residencias (S.U.R.) proporcionan aloxamento aos residentes, desenvolvendo neles actividades como o descanso e o estudo que poden ser especialmente sensibles a elementos perturbadores como o ruído producido pola mecanización dos servizos de xardinería.
- Efectivamente, hai actividades de xardinería que pola súa natureza ou por economía teñen que levarse a cabo dun xeito continuado.

- Parece razoable procurar a conciliación entre as necesarias actividades de xardinería e as propias da habitabilidade nas residencias universitarias.

Por iso, recomendo que as tarefas de xardinería que se efectúen nas inmediacións dos Colexios Maiores e Residencias Universitarias do S.U.R. sexan realizadas, na medida do posible, en horarios que non perturben o descanso dos residentes, evitando as primeiras horas da mañá, e en datas non coincidentes con períodos de cualificacións, que para o vindeiro curso 2014/2015 son: do 08/01/2015 ao 23/01/2015; do 14/05/2015 ao 05/06/2015 e do 29/06/2015 ao 17/07/2015.

Q 1405/02

Presentado un escrito de queixa por un membro do P.D.I. desta Universidade en relación co proceso seguido para a constitución das mesas no último proceso electoral.

O informe recibido da Secretaría Xeral xustificaba o acontecido:

A mesa electoral á que fai referencia o profesor, corresponde ao Sector II da Área de Ciencias Experimentais do Campus de Lugo, e non se constituíu en Lugo por un erro no informe de distribución de mesas xerado pola aplicación informática. No momento en que se detecta o erro, non era posible darlle solución por encontrarnos xa no proceso de voto anticipado, polo que se opta por contactar telefonicamente con todos os membros do sector afectado. Sen excepción, contactamos con todos para informarlles da incidencia e indicarlles a opción existente para poder exercer o dereito ao voto sen ter que desprazarse a Santiago: votar anticipadamente no Rexistro de Lugo. Todos os afectados comprenderon que foi un erro e ninguén plantexou ningún tipo de problema, todo o contrario.

Ningún dos membros do sector formulou reclamación ou queixa algunha, comprenderon o problema e optaron polo voto anticipado, polo que non ten moito sentido a queixa do profesor, que non forma parte do sector afectado.

Q 1405/03

Foi presentado un escrito por unha estudante do Grao en relación coa súa exclusión da praza de prácticas externas que lle fora adxudicada.

No informe que lle foi solicitado ao respecto, a Sra. decana da Facultade indica o seguinte:

No que respecta á actuación da Facultade, sinalar que en todo momento aplicamos a Normativa de Prácticas externas en Empresas e Institucións da USC que no seu artigo 7.4 contempla a posibilidade de que o estudante matriculado en prácticas externas nunha determinada empresa non as poda levar a cabo, e relaciona todas as opcións posibles para o suposto de que se produza esa circunstancia.

Que a Facultade intentou en todo momento buscar unha solución o máis favorable para alumna dentro das posibilidades dispoñibles, pero que a opción formulada pola reclamante (adxudicarlle a praza que figuraba en segundo lugar na solicitude) nin a contempla a Normativa de Prácticas, nin é tecnicamente posible porque afectaría directamente ás prazas xa adxudicadas ós alumnos que figuraban na lista de adxudicación por detrás dela e que xa tiñan feita a matrícula para dita empresa (as empresas tamén tiñan coñecemento do nome dos alumnos que realizarían as prácticas). Por outro lado, na maior parte dos casos xa se establecera entre as dúas partes (empresa e alumno) unha comunicación para acordar o desenvolvemento das prácticas.

Que a UXA, previo informe da Facultade, procedeu xa á devolución do importe da matrícula das prácticas.

Cronoloxía dos feitos:

Con data de 15/05/2014 publicouse a lista definitiva de estudantes matriculados de prácticas externas, nesta lista figuraba a alumna na empresa.

Con data de 22/05/2014 comunicámoslle á empresa os datos das dúas alumnas que foron seleccionadas pola Facultade para realizar as prácticas.

Con data de 23/05/2014 a empresa comunicanos que unicamente contactou con eles unha alumna e que esa circunstancia levounos a interpretar que unha das prazas quedaría sen cubrir. Por este motivo a Empresa contactou con outra entidade para acoller a outro alumno en prácticas para esas mesmas datas e comunicanos que lles é “imposible materialmente” aceptar as dúas prazas que en principio ofertou para alumnos de Grao.

Con data de 27/05/2014 comunicámoslle por correo electrónico á alumna que a empresa renunciara a unha das prazas, e que lle ofertábamos calquera das vacantes, na que estaba incluída outra empresa que pedira como sexta opción na súa solicitude inicial.

Con data 28/05/2014 a alumna comunicáanos que non quere ningunha das prazas ofertadas e que vai solicitar a devolución da matrícula. Tamén preguntanos se tería preferencia sobre os novos solicitantes na vindeira convocatoria de prácticas.

Con data de 29/05/2014 comunicámoslle a alumna que as prácticas externas non forman parte da oferta permanente da Facultade, polo que non podemos garantir que no próximo curso haxa a convocatoria, nin que as empresas ofertadas sexan as mesmas que na actual. En todo caso, de convocarse aplicaríase a normativa da USC, e estaría incluída como preferente na selección de empresas.

Con data 2/6/2014 a Unidade de Xestión Académica, a petición da interesada e previo informe da Facultade, procedeu á devolución do importe da matrícula das prácticas.

Á vista do exposto no antedito informe cabe facer as seguintes consideracións:

- A Facultade realiza unha interpretación flexible do establecido no art. 7.4 da *Normativa de Prácticas externas en Empresas e Institucións da USC* aplicando simultaneamente as opcións máis vantaxosas para a alumna, dentro das contempladas nese artigo para o suposto de que un estudante matriculado en prácticas externas nunha determinada empresa non as poida levar a cabo: oferta de novas prazas vacantes, preferencia sobre os estudantes na vindeira convocatoria de prácticas e devolución do importe da matrícula. O cal valórase moi positivamente dende esta Institución, e sen dúbida constata que se procurou unha solución o máis favorable para a alumna.
- Por outra banda, apréciase unha posible eiva no proceso de comunicación Facultade/empresa/alumno que propiciou o rexeitamento da alumna por parte da empresa:

“.../ a empresa comunicáanos que unicamente contactou con eles unha alumna e que esa circunstancia levounos a interpretar que unha das prazas quedaría sen cubrir.”

Por iso recomendo que se analice a posibilidade de establecer algún mecanismo que mellore ese proceso de contacto previo entre o alumnado e as empresas, de xeito que situacións como a exposta non se reproduzan.

Q 1406/01

Foron presentados dous escritos de queixa por estudantes dun Grao en relación co proceso de avaliación dunha materia.

Admitidas as queixas a trámite solicitouse informe ao respecto, remitindo o profesor da materia o seguinte:

“En efecto se produxo un error en la corrección del test que cuando se detectó se subsanó. En un primer momento al observar una proporción anormalmente baja de aprobados se pensó en modificar la nota de corte, pero una vez corregido el error, se mantuvo la nota de corte habitual (6.5).

El tipo de examen mediante proyección de imágenes se viene realizando en el área desde hace aproximadamente 20 años. Los alumnos en su día manifestaron su satisfacción con esta forma de hacerlo. Se hace así con el objetivo de ver con mayor claridad las imágenes sobre las que se pregunta, dándoles el tiempo adecuado para contestar.

En la revisión de exámenes se atendió a todos los alumnos, incluso en otras fechas a los que no pudieron hacerlo en las señaladas y se les informó y enseñaron sus exámenes.”

Á vista do exposto nas queixas e no informe do profesor, aprécianse certas actuacións que se poden considerar non conformes coa aplicación da *Normativa de Avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións* que a tal efecto ten aprobada a USC:

(<http://www.usc.es/export/sites/default/g1/normativa/descargas/resavarenacaestrevcu a11.pdf>)

E en concreto convén resaltar o seguinte articulado de dita Normativa:

Artigo 2. Funcións da avaliación.

2. Os estudantes debe ser informado con exactitude e coa suficiente antelación sobre os criterios e métodos de avaliación, así como o tipo e número de exames ou actividades formativas avaliáveis.

Artigo 3. Criterios de avaliación.

1. Os criterios de avaliación deberán ser públicos, coherentes cos obxectivos e metodoloxía da materia, e formativos.

2. Os estudantes serán avaliados unicamente de acordo cos criterios que figuren de forma explícita na programación da materia ou guía docente...

Artigo 7. Comunicación de resultados da avaliación.

1. Os estudantes teñen dereito a coñecer os resultados das probas parciais e finais que realicen, segundo o sistema de avaliación previamente establecido, nun prazo razoable que, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas ante a dirección do centro, será inferior a 15 días naturais desde a data de realización da proba. Tales resultados deben coñecerse con suficiente antelación, e nunca con menos de tres días antes da realización dunha nova proba ou convocatoria de recuperación.

Artigo 8. Revisión de cualificacións.

O alumnado terá dereito de acceso aos seus propios exercicios, e o dereito á revisión das cualificacións tanto parciais como finais na súa presenza, nas datas e horarios que para tal efecto se deberán fixar no momento de facer públicos os resultados provisorios.

As datas de revisión deberán estar comprendidas dentro dos dez días seguintes á publicación dos resultados. O prazo para a revisión non poderá ser inferior a tres días hábiles contados desde o día seguinte ao da data de publicación da lista. Procurarase que estas revisións se poidan levar a cabo en dúas datas opcionais e con horarios alternativos, e que sexan un instrumento útil para que o estudante poda percibir o seu nivel de coñecementos e carencias, tanto se resulta aprobado como suspenso. O director do centro garantirá que todo o alumnado que o desexe poida revisar o exame nas datas establecidas polo profesores

Por iso, recomendo que por parte dese decanato se procure a difusión da Normativa de Avaliación entre o profesorado e se adopten as medidas necesarias para que se faga efectiva a súa aplicación en todas as materias que se imparten na Facultade e se efectúe un seguimento especial do seu cumprimento na materia obxecto das presentes queixas.

Tense coñecemento que o Decanato remitiu unha comunicación ao profesorado no sentido da presente recomendación.

Q 1406/02

Foi presentado un escrito de queixa por un estudante dunha titulación propia en relación coa non aplicación da exención de prezos públicos de matrícula nas materias en que obtivo matrícula de honra.

A Secretaría Xeral remitiu o seguinte informe xustificativo:

“O ... é un título propio correspondendo á propia USC a fixación dos prezos neste tipo de títulos.

Así o indica o propio Decreto para o curso 2013-14, que no seu Artigo 1. Ámbito de aplicación, sinala:

1. Os prezos que se aboarán no curso académico 2013/14 polos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no Sistema Universitario de Galicia, son os establecidos neste decreto e na contía que se sinala no seu anexo.

2. O importe dos prezos por estudos conducentes a títulos ou diplomas que non teñan carácter oficial será fixado nas universidades galegas polo seu respectivo consello social, de conformidade co establecido no artigo 81.3.c) da Lei orgánica 6/2001, de universidades, e pola Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, no seu artigo 4.e).

Aos títulos propios non se lle aplican as exencións e bonificacións establecidas no Decreto de Prezos da Xunta de Galicia xa que non entran no seu ámbito de aplicación, nin outro tipo de exencións xa que teñen que ser autofinanciados.

Por se o anterior non fose suficiente, procede informar que no propio artigo 8 da Normativa sobre a regulación do título propio, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 20 de xuño de 2005, establécese que non se aplicara ningún tipo de exención nin bonificacións de prezos, agás en virtude de convenios .

A Normativa que regula o título pode consultarse en:
<http://www.usc.es/sxa/normativa/ficheros/XA0027.PDF>

Por último, indicar que esta normativa se aplica ao Diploma Superior en Criminoloxía, xa que só se fixo un cambio de denominación do título.
<http://www.usc.es/sxa/normativa/ficheros/XA0848.PDF>

Q 1407/01

En relación cunha queixa presentada por un alumno referida á recadación por vía de constrinximento dos prezos públicos de matrícula correspondentes a un Máster.

- O informe solicitado á coordinadora do Máster no curso 2011/2012 indica:

En primeiro lugar e en relación co Exp. nº.: Q 1407/01, conséntase recepción do correo electrónico de D. ... con data do 29 de setembro de 2011. Non se pode constar á contestación da coordinación ao dito correo, xa que no equipo informático non se conservan todos os correos enviados nestas datas. A coordinación ten recibido outros correos similares que se interpretan como correos informativos de non participar na docencia do programa de posgrao. A resposta corporativa é de animarlle a participar noutra edición do Máster.

En segundo lugar, maniféstase que o proceso de captación de alumnado, realizado pola coordinación do Máster neste caso, e o proceso de pre-matricula no Máster, realizado polo alumno ca UXA mediante a súa secretaría virtual son dous procesos ben diferenciados, e este feito é comunicado ao alumnado de xeito habitual.

Por outra banda, parece raro, ou polo menos, pouco común, que desde a UXA comunicasen ao alumno que informase á coordinación dunha anulación de matrícula, cando non é o procedemento habitual. De feito, o proceso de matrícula nun programa de Máster, mais toda a normativa ao respecto, atópase na información que se facilita ao alumno á hora de realizar a matrícula on-line.

Finalmente, a coordinación non realiza ningún papel no proceso de matrícula, proceso no cal o alumno, dentro da súa propia secretaría virtual, matricúlase, determina o prazo e a forma de pago, e imprime a folla de liquidación bancaria, ao final do cal aparece un apartado sobre os "efectos da falta de pagamento".

- O informe da Unidade de Xestión Académica expón:

- Segundo consta no expediente arquivado nesta Unidade, o alumno fixo a súa matrícula no Máster o 2/9/2011. O alumno matriculou 60 créditos.

- Ao non constar nas nosas bases de datos o pagamento correspondente, con data 18/10/2011 foille requirido ao alumno que presentara acreditación do pago da matrícula ou, de se-lo caso, da causa de exención da mesma. Tal como establece a normativa emitíuse un recargo por impago de 30. Asemade, infórmaselle ao alumno de que o impago dun prazo supón a perda do dereito ao pagamento aprazado, co cal o alumno tería que aboar o importe total da matrícula máis o recargo de 30 €. O acuse de recibo desta notificación ten data de 20/10/2011.

- Ao non ter a universidade constancia do pagamento anterior, con data 24/1/2012 ditouse resolución de arquivo de matrícula e de suspensión temporal dos efectos da matrícula, entanto non se produza o devandito pagamento. O alumno asina acuse de recibo desta notificación o día 26/1/2012.

- Emítase providencia de constrinximento por parte da Axencia Tributaria de Galicia na que se lle require ao alumno o pagamento. A data desta providencia é o 22/1/2014.
- O alumno presentou recurso de reposición o día 28/2/2014 ante a Axencia Tributaria de Galicia. A Axencia remite á USC o recurso con data 3/3/2014.
- A resolución do recurso de reposición por parte da USC é de data 11/4/2014. O resultado é desestimatorio.
- Con data 21/4/2014 o alumno presenta nova reclamación. É inadmitida a trámite mediante resolución do Servizo de Xestión Académica de data 21/4/2014. O alumno asina o acuse de recibo desta notificación o día 29/4/2014.

Á vista dos referidos informes conclúese que ao alumno se lle ten aplicado a normativa correspondente, o Procedemento para a recadación de faltas de pagamento por prezos públicos de matrícula (Resolución Reitoral do 27 de xaneiro de 2004), e non se aprecia que se teña conculcado algún dos seus dereitos, polo que se procede a rematar a tramitación da presente queixa.

Q 1407/02

Queixa presentada por un alumno referida á non aplicación de redución de prezos públicos de matrícula por matrícula de honra.

O informe explicativo da Secretaría Xeral da USC indica o seguinte:

O alumno matriculouse no curso académico 2010/2011 no curso complementario para obter o Grao.

No curso académico 2011/2012, para continuar os citados estudos, formaliza matrícula do total de materias que lle restan para concluír o grao, incluído o Traballo Fin de Grao.

O apartado cuarto da Resolución reitoral do 18 de maio de 2010, pola que se regulaba a realización do Traballo fin de grao, establecía que "(...) A matrícula dará dereito a unha soa presentación do traballo e reportará os prezos públicos establecidos. No caso de que o alumno ou alumna non se presente á convocatoria para a presentación do traballo no curso que estea matriculado ou non o superase, deberá formalizar nova matrícula e abonar os prezos correspondentes aos créditos do traballo de fin de grao nos cursos académicos

seguintes. (...) Para a presentación e defensa pública dos traballos fin de grao será requisito necesario ter superados todos os demais créditos do grao."

Esta Resolución reitoral foi derogada pola Normativa de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster, aprobada por Consello de Goberno do 2 de maio de 2013, aínda que no substancial do caso só establece a modificación de poder presentar o traballo en dúas oportunidades en calquera das convocatorias oficiais do curso no que estea matriculado.

O alumno non superou nese curso académico o total de materias matriculadas, polo que non puido defender o TFG. No curso académico 2012/2013 matricúlase da materia ..., e no curso 2013/2014 da materia de 9 ECTS ... sendo cualificado nesta última cunha matrícula de honra.

No curso académico 2014/2015 o alumno matricúlase do traballo fin de grao, unha vez superadas todas as materias.

O Decreto 77/2014, do 20 de xuño, da Consellería de Cultura, educación e ordenación universitaria establece o prezo dun crédito para a segunda matrícula nas ensinanzas de grao en 13,62 €. Así mesmo, no apartado 10 establece que "nas ensinanzas adaptadas ao EEES as bonificacións correspondentes a unha ou a varias matrículas de honra aplicaranse a un número de créditos igual ao das materias en que se obtivo a matrícula de honra."

A Resolución reitoral do 22 de xullo de 1999 de exencións na Universidade de Santiago de Compostela establece no apartado 2.1.1 que "A dedución por matrícula de honra realizarase na matrícula do curso seguinte, sempre que o alumno formalice matrícula en materias nas que non estivese matriculado anteriormente"

Polo tanto o alumno ten que aboar a cantidade establecida no Decreto 77/2014 e non se lle pode aplicar a dedución por matrícula de honra por ser a segunda matrícula no traballo fin de grao.

3.- CONCLUSIONES

Antes de presentar as conclusións é obrigado o meu recoñecemento en canto ao compromiso en xeral dos órganos da universidade e dos membros da comunidade universitaria aos que lles foi solicitada a súa colaboración. Máis alá do mandato normativo amosaron sempre unha completa dispoñibilidade.

Tamén é necesario deixar constancia da dedicación e colaboración dos membros da Comisión de Asesoramento e Axuda, e do papel que esta Comisión desempeña no funcionamento do Valedor da Comunidade Universitaria, sirva como exemplo, que nun determinado tema, debido á necesidade de inhibición, a Comisión tivo que actuar asumindo as funcións do Valedor.

A pesar das datas actuais, a presentación do informe corresponde ao curso 2013-2014. Isto é así debido á intención amosada no derradeiro informe ante este Claustro de cumprir o sinalado no artigo 13 do Estatuto do Valedor sobre a periodicidade anual do informe ao Claustro. Por razóns alleas a esta Institución esta é a primeira oportunidade na que se pode presentar o informe.

Un dos obxectivos desta Institución é que as accións emprendidas estean sempre presididas polo espírito de colaboración para solucionar ou mellorar os problemas e disfuncionalidades que se poidan detectar. A lectura das intervencións levadas a cabo ao longo deste tempo permite detectar algunhas situacións que pola súa incidencia deben ser destacadas para recordar a necesidade de que pola USC se adopten as medidas correctoras que sexan precisas.

Na páxina 86 desta memoria preséntase unha táboa coas queixas distribuídas por temas. É necesario salientar que esta distribución é relativamente arbitraria no sentido de que unha queixa podería estar agrupada en máis dun tema. Así pois o que pretende a táboa é proporcionar unha visión xeral dos temas das queixas, máis que unha visión detallada para o que é imprescindible analizar as queixas de xeito particular.

Como se pode observar hai 5 temas que abranguen unha boa parte das queixas presentadas, en concreto supoñen case o 50% (47,8 %). É preciso mencionar que existen 2 temas que son os relacionados con aspectos docentes e de avaliación que aínda que a súa incidencia non é especialmente destacable en canto ao número de queixas, si destacan por ser bastante frecuentes nas consultas que se formulan, é dicir, consultas que se fan e que por algunha razón non se traducen en queixas.

De xeito moi resumido:

1.- Un ámbito onde se aprecian certas disfuncionalidades é o relacionado co desenvolvemento dos Másteres, nomeadamente cuestións relativas aos TFM, desenvolvemento de prácticas ou certo déficit de información.

Dado que a oferta de Másteres é unha cuestión importante para á USC, o progreso da súa implantación, a súa avaliación e a prevención de posibles problemas debe ser obxecto de análise para tratar de optimizar os esforzos. É preciso reflexionar sobre a diversificación do modelo para ser máis competitivos, procurando adaptalos ás necesidades que demanda a sociedade actual, como pode ser a formación e a reciclaxe ao longo da vida. Estas cuestións permitirán manter unha oferta atraínte para o alumnado o que, sen dúbida, contribuirá a facilitar a súa captación.

2.- Un bo número de queixas refírense ao tema de Servizos a Comunidade Universitaria. Malia a súa incidencia é necesario precisar que non se observa ningún aspecto concreto onde se poidan apreciar disfuncionalidades. En xeral as queixas fan referencia a cuestións moi puntuais, que sen dúbida precisan corrixirse, pero non poñen de manifesto situacións xeneralizables, agás o tema do deterioro do “Campus Vida”, tema este no que o equipo reitoral debería insistir diante das autoridades municipais.

3.- Outro tema no que se agrupan varias queixas é o referido á acreditación da lingua estranxeira, onde cabe destacar aquelas referidas ao recoñecemento do nivel B1 acadado noutras institucións distintas á USC. Ao final estas situacións resolvéronse de xeito favorable para o alumnado.

4.- No proceso de implantación dos graos e a medida que este vai rematando, vanse detectando certos problemas, posiblemente derivados de que é a primeira vez que se leva a cabo, que afectan a diferentes cuestións relativas aos TFG e ao desenvolvemento dos prácticum e/ou prácticas. Convén que os diferentes servizos ou órganos da universidade poñan en marcha os mecanismos para ir solucionando eses problemas e poder prever as cuestións que poidan xurdir.

5.- Son relativamente frecuentes as consultas relacionadas con aspectos docentes e con criterios de avaliación, por exemplo: falla de concreción nas programacións docentes das materias, non aplicación de criterios de avaliación, cambio dos mesmos ao longo do curso, incumprimento de prazos...

Os problemas de descoñecemento e/ou incumprimento da normativa son un tema recorrente, a pesar de que temos constancia de que por parte dos diferentes órganos de goberno se intentan solucionar estas cuestións. Pero é necesario seguir afondando na idea de que só se poderá combater a inobservancia da normativa si todos nos implicamos no seu cumprimento, e sobre todo na normalización do seu uso, conseguindo que todos os membros da comunidade universitaria se sintan protexidos na defensa dos seus dereitos.

Como ven sendo habitual, ademais das solicitudes de intervención do Valedor relativas a cuestións que atinxen de xeito específico á USC, existen así mesmo, como se pode observar nas páxinas deste informe, queixas que, ben polo seu ámbito de incidencia ou ben pola natureza dos axentes que poden corrixir o problema, afectan tamén a outras Universidades e exceden a propia capacidade da USC para solucionalo.

A Conferencia Estatal de Defensores Universitarios (CEDU), foro no que está a USC dende a súa constitución e que permite a colaboración, prestación de axudas, elaboración de documentos..., en definitiva a coordinación dos defensores para prestar un mellor servizo é o foro apropiado para canalizar cuestións que afectan as Universidades do Estado. Neste sentido, en outubro do 2013 tivo lugar en Sevilla o XVI Encontro Estatal de Defensores no que se trataron os seguintes temas:

1. A mediación.
2. Avaliación e cualificación no ECTS: Análise de casos e conflitos.
3. Dereitos e Políticas Sociais: As valedorías universitarias ante a crise e os recortes. Nova política de bolsas: afondando no desmantelamento dos dereitos sociais.
4. As guías ou planes docentes como contrato de aprendizaxe.

Noutras ocasións, o problema afecta máis especificamente ao sistema universitario galego e neste caso estas cuestións se analizan en reunións que periodicamente manteñen os Valedores das tres Universidades.



Ademais tense detectado que, ás veces, as queixas non só se presentan aos valedores universitarios, senón que ao mesmo tempo se presentan ao Valedor do Pobo e, en ocasións, as suxestións ou recomendacións que se fan teñen como destinatarios axencias alleas as Universidades. Así pois ao obxecto de coordinar as actuacións e poder ter maior audiencia naquelas cuestións que lle competan á Xunta de Galicia, con data 28 de maio de 2014 fíxose efectiva a sinatura dun convenio de colaboración entre os tres Valedores Universitarios e o Valedor do Pobo. A partir desa data desenvolveuse un protocolo de actuación conxunta e mantivéronse diversas reunións nas que dependendo da xeneralidade do tema participaron os tres Valedores ou o valedor da USC.

Por parte dos Valedores universitarios do SUG considerouse a oportunidade de establecer contactos e relacións periódicas cos Provedores das tres universidades do norte de Portugal, o que deu lugar a unha primeira xuntanza na Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro na que se analizou a temática do “Horizonte ibérico da mobilidade estudiantil”.

4.- REFERENCIAS ESTADÍSTICAS



QUEIXAS POR SECTORES:

Nº. de queixas	69
Estudantes:	55
P.D.I.:	11
P.A.S:	3




ENTRADA MENSUAL DAS QUEIXAS

MES	Curso 12/13	Curso 13/14
Setembro		11
Outubro	9	4
Novembro	3	11
Decembro	8	9
Xaneiro	6	3
Febreiro	5	10
Marzo	0	10
Abril	13	4
Maio	12	3
Xuño	4	2
Xullo	3	2
Agosto	0	0
Total curso	63	69



PRAZOS DE TRAMITACIÓN DAS QUEIXAS

Total queixas presentadas	69	
Prazo tramitación	nº de queixas	porcentaxe
1 Mes:	54	⇒ 78%
2 Meses:	7	⇒ 10%
3 Meses:	4	⇒ 6%
> 3 Meses:	4	⇒ 6%



DISTRIBUCIÓN DAS QUEIXAS POR TEMAS

TEMA	Nº. QUEIXAS PRESENTADAS
BOLSAS E AXUDAS A MEMBROS DA COM. UNIV.	4
PLANOS DE ESTUDO E VALIDACIÓNS	1
AVALIACIÓN ACADÉMICA	4
DOCENCIA	4
MATRÍCULA E OUTROS PROCEDEMENTOS	6
3º CICLO, POSGRAO E FORMACIÓN CONTINUA	9
SERVIZOS Á COMUNIDADE UNIVERSITARIA	7
PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL	2
ÁMBITO LABORAL - RECORTES	3
PROCESOS ELECTORAIS - VOTACIÓNS	1
RELACIÓNS INTERPERSOAIS - ORGÁNICAS	3
USO DA LINGUA	2
NORMATIVAS - CONVOCATORIAS	2
ACREDITACIÓN B1 LINGUA ESTRANXEIRA	5
SIMULTANEIDADE – LÍMITE 75 CRÉDITOS	4
XÉNERO	2
TRABALLO FIN DE GRAO - PRÁCTICUM	6
DÉFICIT INFORMACIÓN	3
DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS	1

